



Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	¿Aceptada?	Observacións
Exposición de motivos	Sociedade Galega de Historia Natural	Este parágrafo fala de “dereitos e obrigas”, pero no borrador só hai o artigo 4 de dereitos e ningún de obrigas. Entre os aproveitamentos forestais non madeirables, esquécese os turísticos e recreativos.	Si	Ampliación artigo 44
Exposición de motivos	Grupo Naturalista Hábitat	1. A máxima biodiversidade coincide coa maior diversidade de hábitats. En lugares próximos, unha masa forestal monoespecífica ten menos diversidade que outra na que se mesturen distintas especies, e terá máis diversidade unha masa que inclúa no seu seo pequenas zonas de matogueira e prado que outra que sexa densa e continua. 2. Unha maior superficie forestal en Galicia non conlevaría unha maior calidade ambiental, xa que depende da composición específica das masas arbóreas, da súa densidade, idade e porcentaxe e diversidade da matogueira do sotobosque. 3. A destrución de espazos abertos (herbeiras, ermos, campos de dunas e estepas) para a creación de masas arboradas pode non ser positiva en termos de biodiversidade, unha vez que existen amplas comunidades forísticas e faunísticas dependentes deses espazos abertos. 4. Non se debe dicir que o incremento en cantidade da masa arborada sexa un obxectivo básico da sociedade. 5. É importante subliñar que a fixación de poboación non rural non viría parella unicamente ao aumento da superficie forestal, senon á súa sinerxía con outras actividades económicas. Unha das causas é que as masas forestais non precisan dos coidados diarios das explotacións agrícolas e gandeiras. 6. Débese deixar claro que un bosque non é un monocultivo de eucaliptos. 7. Non é axeitado empregar “loita contra o minifundio”, senón que se debería dicir “fomentar as unións de parcelas”.	Si, parcialmente	Elimínase "loita contra o" minifundio
Título preliminar. Disposicións xerais				
Artigo 1. Obxecto de ámbito de aplicación	Sociedade Galega de Historia Natural	Deberíase separar en dous artigos, un co obxecto e outro co ámbito, a semellanza dos artigos 1 e 2 da Lei 43/2003 de 21 de novembro, de montes. O obxecto debера ir encamiñado a: “asegurar a protección e restauración do monte, compatibilizando o aproveitamento sostible/racional”, a lei evidentemente establece un marco normativo e debe estar de acordo coa lexislación xeral do Estado e da comunidade autónoma, mais resultaría importante fixar a vontade xeral no obxecto da mesma no sentido indicado.	Si	Os principios rectores da Lei enmárcanse no artigo 3 e as referenzas a compatibilización e coordinación con outras leis sectoriais son continuadas ao longo do texto (art 66, 68, 81...)



Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal	Asociación ecoloxista "Coto de Frade"	A consideración de monte ou terreo forestal en terreos de antigo uso agrícola e con polo menos máis de dez anos continuados de abandono, non sería axeitada dende o punto de vista e suporía unha grave perda de superficie agraria, que inda que se atope en situación de abandono, si se lle aplican políticas que fomenten o seu uso como solo agrario tamén contribuiría a minimizar o abandono do rural, frear o envellecemento demográfico e despoboación posibilitando a fixación de poboación.	Si, parcialmente	Modificouse o apartado 2.1.c
Artigo 2. Concepto de monte ou terreo forestal	Sociedade Galega de Historia Natural	e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de tres hectáreas. Engadir novo punto f) que inclúa no concepto de monte aos bosques de ribeira.	Si, parcialmente	Baixase a superficie do apartado 2.1.e / os bosques de ribeira son un tipo de formación ou estrutura e non obxecto da definición de monte



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal</p>	<p>Xosé Santos Otero</p>	<p>Aos efectos da presente Lei, enténdese por monte ou terreo forestal, todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou podan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas e os montes veciñais en man común tal e como se recolle no artigo 20.Se non semella que os montes veciñais en man común, quedan fora do concepto de monte.b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte no que se emprazan así como os equipamentos e as infraestruturas sociais.Se están no monte, teñan que ser monte. A existencia de estes equipamentos e de estas infraestruturas, non poden significar que o monte sexa eliminado.c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, e sempre que adquiran sinais inequívocos do seu carácter forestal, serán considerados terreos forestais cando formen parte de superficies continuas de polo menos cinco hectáreas, salvo que se trate de terreos que estean incluídos nun banco de terras ou instrumento semellante. Non é razoable restrinxir ao concepto de monte só aos eidos que superen as 5 hectáreas continuas e que contén con 10 anos continuados de abandono. Este feito pode impedir a recuperación e consolidación de miles de hectáreas do bosque autóctono e concretamente pór en perigo os enclaves onde se conservan carballeiras, fragas, soutos... pondo en perigo tamén ao gran valor que teñen as paisaxes de mosaico.Enténdese que o monte en Galicia presenta xa aos 5 anos síntomas inequívocos de estado de abandono. Ademais, débense establecer diferenzas en canto á vexetación presente en ditas parcelas, de tal xeito que se as parcelas conteñen arborado autóctono cun grao de cobertura superior ao 50% e cunha superficie continua de 0,5 hectáreas debería ser suficiente para ser considerada como monte. Porén, se a parcela presenta especies arbustivas e arborado autóctono espallado por ela ou especies de crecemento rápido, a superficie continua mínima para ser considerada monte debería ser superior, a 2 hectáreas.Noutras lexislacións forestais dos países do noso entorno consideran monte a toda superficie na que vexeten especies arbóreas, herbáceas ou matogueiras sempre que ocupen unha superficie superior a unha área (100 metros cadrados). 5 hectáreas como superficie mínima tendo en consideración a distribución territorial de Galicia deixaría fóra a centos de hectáreas a hora da aplicación da futura Lei de Montes.Apartados novos: Os bosques de ribeira, marxes de cauces públicos polos que descurren correntes de auga permanentes ou estacionais, continuas ou discontinuas, así como as marxes de encoros, lagos ou lagoas, que acollan o una que se poidan establecer masas de árbores, matogueiras ou comunidades herbáceas.Terán a consideración de monte os terreos de carácter agrícola con abandono de dita actividade durante 5 anos consecutivos, sempre que foran ocupados por vexetación forestal e sexan susceptibles de uso ou destiño forestal.Os pastizais instalados sobre terreos non agrícolas.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>A titularidade dos terreos forestais non é obxecto da súa definición, reflectíndose no seu Título II (art. 13 e 20).Modificouse o apartado 2.1.b.Os bosques de ribeira son un tipo de formación ou estrutura e non obxecto da definición de monte, cabe lembrar que o DPH restrínxese á canle fluvial na súa época de máxima avenida no periodo fixado normativamente.</p>
--	--------------------------	---	-----------------------------	---



<p>Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal</p>	<p>Jesús Manuel Núñez Campelo</p>	<p>Aos efectos da presente Lei, enténdese por monte ou terreo forestal, todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou podan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas e os montes veciñais en man común tal e como se recolle no artigo 20. Se non semella que os montes veciñais en man común, quedan fora do concepto de monte. b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte no que se emprazan así como os equipamentos e as infraestruturas sociais. Se están no monte, teñan que ser monte. A existencia de estes equipamentos e de estas infraestruturas, non poden significar que o monte sexa eliminado. c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, e sempre que adquiran sinais inequívocos do seu carácter forestal, serán considerados terreos forestais cando formen parte de superficies continuas de polo menos cinco hectáreas, salvo que se trate de terreos que estean incluídos nun banco de terras ou instrumento semellante. Non é razoable restrinxir ao concepto de monte só aos eidos que superen as 5 hectáreas continuas e que contén con 10 anos continuados de abandono. Este feito pode impedir a recuperación e consolidación de miles de hectáreas do bosque autóctono e concretamente pór en perigo os enclaves onde se conservan carballeiras, fragas, soutos... pondo en perigo tamén ao gran valor que teñen as paisaxes de mosaico. Enténdese que o monte en Galicia presenta xa aos 5 anos síntomas inequívocos de estado de abandono. Ademais, débense establecer diferenzas en canto á vexetación presente en ditas parcelas, de tal xeito que se as parcelas conteñen arborado autóctono cun grao de cobertura superior ao 50% e cunha superficie continua de 0,5 hectáreas debería ser suficiente para ser considerada como monte. Porén, se a parcela presenta especies arbustivas e arborado autóctono espallado por ela ou especies de crecemento rápido, a superficie continua mínima para ser considerada monte debería ser superior, a 2 hectáreas. Noutras lexislacións forestais dos países do noso entorno consideran monte a toda superficie na que vexeten especies arbóreas, herbáceas ou matogueiras sempre que ocupen unha superficie superior a unha área (100 metros cadrados). 5 hectáreas como superficie mínima tendo en consideración a distribución territorial de Galicia deixaría fóra a centos de hectáreas a hora da aplicación da futura Lei de Montes. Apartados novos: Os bosques de ribeira, marxes de cauces públicos polos que descurren correntes de auga permanentes ou estacionais, continuas ou discontinuas, así como as marxes de encoros, lagos ou lagoas, que acollan o una que se poidan establecer masas de árbores, matogueiras ou comunidades herbáceas. Terán a consideración de monte os terreos de carácter agrícola con abandono de dita actividade durante 5 anos consecutivos, sempre que foran ocupados por vexetación forestal e sexan susceptibles de uso ou destiño forestal. Os pastizais instalados sobre terreos non agrícolas.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>A titularidade dos terreos forestais non é obxecto da súa definición, reflectíndose no seu Título II (art. 13 e 20). Modifícase o apartado 2.1.b Os bosques de ribeira son un tipo de formación ou estrutura e non obxecto da definición de monte, cabe lembrar que o DPH restrínxese á canle fluvial na súa época de máxima avenida no período fixado normativamente.</p>
--	-----------------------------------	--	-------------------------	---



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal	Verdegaia/Plataforma para a defensa de la Cordillera Cantábrica	Non é razoable restrinxir o concepto de monte ás parcelas que superen as 5 ha contínuas e que contén con 10 anos continuados de abandono. Este feito pode impedir a recuperación do bosque autóctono e, concretamente, pór en perigo os enclaves onde se conservan as futuras carballeiras. Entendemos que o monte en Galicia presenta xa aos 5 anos síntomas inequívocos de estado de abandono. Ademais, débense establecer diferencias en conta á vexetación presente nas ditas parcelas, de tal xeito que as parcelas que conteñan arborado autóctono cun grao de cobertura superior ao 50% e cunha superficie continua mínima de 1 ha sexan consideradas como monte. Porén, se a parcela presenta especies arbustivas e arborado autóctono espallado por ela ou especies de crecemento rápido, a superficie continua mínima para ser considerada monte podería ser superior, por exemplo 3 ha. Deberíanse establecer diferencias en canto ás especies presentes nas ditas parcelas. O feito de que os enclavados forestais teñan que ter unha superficie mínima de 10 ha para ser considerados monte pode ser útil á hora de facilitar o seu cambio de uso, pero entendemos que se neles vexetan especies arbóreas autóctonas cun mínimo de 5 anos de vida e cun grao de cobertura igual ou superior ao 50%, esa superficie mínima para ser considerada monte debería descender a un mínimo de 3 ha de superficie. Dificultar o cambio de uso nas parcelas deste tipo pode contribuír a favorecer o mosaico e en consecuencia, a biodiversidade.	Si, parcialmente	Mantense as superficies dos apartados 2.1.c, pero baixase a superficie dp 2.1.e a 5 ha
Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal	Jesús de la Fuente Villar	As superficies dos apartados c) e e) deberían ser as mesmas para unha maior coherencia. Non se poden tratar do mesmo xeito as masas de frondosas autóctonas do resto; propónse 0,5 ha para frondosas autóctonas, e manter 5 ha para outras especies. e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, agás aqueles nos que se asenten novas repoboacións de acordo co establecido na presente lei e aqueles con masas arboradas de, polo menos, cinco hectáreas. Este apartado estaría en contra do establecido no art. 25 da Lei 3/2007. Só se poden admitir repoboacións con frondosas caducifolias ou outras plantas autóctonas de estación.	Si, parcialmente	As superficies dos apartados 2.1.c e 2.1.e fanse coincidentes (5 ha). Asemade derrogase o artigo 25 da Lei 3/2007



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal</p>	<p>Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC VINCIOS</p>	<p>1. Aos efectos da presente Lei, enténdese por monte ou terro forestal, todo terro no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou podan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas, así como os montes veciñais en man común tal como se recolle no artigo 20 da presente Lei.</p> <p><i>Fruga:</i> O que se pretende con esta achega é remarcar que os montes veciñais tamén entran dentro do concepto de monte, proque a súa non mención pode dar a entender que estes fican excluídos deste concepto.</p> <p><i>MMVMC-CMVMC:</i> De non citarse expresamente, prodúcese confusión sobre se os montes veciñais en man común quedan dentro ou fóra do concepto de monte.</p> <p>b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte no que se emprazan así como os equipamentos e as infraestruturas sociais.</p> <p><i>Fruga:</i> A presenza destes equipamentos e infraestruturas son parte integrante do monte e polo tanto teñen que ter a consideración de monte.</p> <p><i>MMVMC-CMVMC:</i> Todos os usos do monte deben ser tratados de xeito integrado. De non ser así, significa que algúns equipamentos e infraestruturas están mal situados e deben ser reubicados. O carácter estratéxico dalgúns equipamentos non pode ser unha escusa para a excepción na ordenación do territorio.</p> <p>c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, e sempre que adquiren sinais inequívocos do seu carácter forestal, serán considerados terreos forestais cando formen parte de superficies continuas de polo menos cinco hectáreas, salvo que se trate de terreos que estean incluídos nun banco de terras ou instrumento semellante.</p> <p><i>Fruga:</i> Con este punto o que se pretende é, dunha forma encuberta, propiciar a transformación de terras de uso agrícola en terreos forestais, e como xa fica dito na consideración previa terceira non podemos estar de acordo coa forestación de terras agrarias porque isto vai en detrimento do futuro das nosas explotacións agrarias, facendo delas unhas explotacións máis dependentes e con iso facendo de Galicia un país máis dependente das importacións de materias primas para satisfacer as necesidades alimentarias da súa poboación.</p> <p><i>MMVMC-CMVMC:</i> Consideramos que este punto posibilita de xeito encuberto a transformación de terras agrarias en monte, algo moi negativo segundo o establecido por numerosos estudos, vista a baixa porcentaxe de terras agrarias de Galicia en relación coa norma europea.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>A titularidade dos terreos forestais non é obxecto da súa definición, reflectíndose no seu Título II (art. 13 e 20). Modificouse o apartado 2.1.b</p>
--	---	--	-------------------------	--



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>1. Aos efectos da presente Lei, enténdese por monte ou terro forestal, todo terro no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou podan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas, así como os montes veciñais en man común tal como se recolle no artigo 20. Se non semella que os montes veciñais en man común quedan dentro ou fóra do concepto de monte. b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte no que se emprazan así como os equipamentos e as infraestruturas sociais. <i>MMVMC-CMVMC (2)</i>: Se están no monte, teñen que ser monte. A existencia destes equipamentos e destas infraestruturas, non poden significar que o monte sexa eliminado. <i>MMVMC PONTE CALDELAS</i>: As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte no que se emprazan así como os equipamentos e as infraestruturas sociais. Se están no monte, teñan que ser monte. A existencia de estes equipamentos e de estas infraestruturas, non poden significar que o monte sexa eliminado. As superficies dos apartados c) e e) deberían ser as mesmas para unha maior coherencia. Non se poden tratar do mesmo xeito as masas de frondosas autóctonas do resto; propónse 0,5 ha para frondosas autóctonas, e manter 5 ha para outras especies. c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, e sempre que adquiran sinais inequívocos do seu carácter forestal, serán considerados terreos forestais cando formen parte de superficies continuas de polo menos cinco hectáreas, salvo que se trate de terreos que estean incluídos nun banco de terras ou instrumento semellante. <i>MMVMC-CMVMC (2) e MMVMC PC</i>: É unha forma encuberta de transformar terras agrarias a monte. e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de dez hectáreas. <i>MMVMC PONTE CALDELAS</i>: Este apartado estaría en contra do establecido no art. 25 da Lei 3/2007. Só se poden admitir repoboacións con frondosas caducifolias ou outras plantas autóctonas de estación.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>A titularidade dos terreos forestais non é obxecto da súa definición, reflectíndose no seu Título II (art. 13 e 20). Modificouse o apartado 2.1.b</p>
<p>Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal</p>	<p>AEFEMA</p>	<p>e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de dez hectáreas. Isto supón que as superficies forestais encravadas en terreos agrícolas, situación na que se atopan a gran maioría das carballeiras situadas na zona de Galicia-Costa, non terían a consideración de monte ou terro forestal, e polo tanto, estes terreos quedarían sen supervisión e destinadas a desaparecer. Do mesmo xeito quedarían fóra todas as masas comúns das concentracións, zonas consideradas fundamentais como nichos ecolóxicos de fauna. Aínda cando o artigo 5.e) da Lei 43/2003 conteña unha habilitación normativa para que as Comunidades Autónomas establezan unha superficie mínima, as particularidades propias que teñen en Galicia a maioría destes enclaves forestais en terreos agrícolas fan desaconsellable establecer unha superficie mínima de dez hectáreas para os enclaves forestais en terreos agrícolas. De igual modo carece de sentido o establecido na letra e) do punto 2 do mesmo artigo na que se consideran terreos forestais "Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, agás aqueles nos que se asenten novas repoboacións de acordo co establecido na presente lei e aqueles con masas arboradas de, polo menos, cinco hectáreas". Contradiciendo as dez hectáreas para os enclaves forestais en terreos agrícolas que non procedan de novas repoboacións.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Diminúese a superficie mínima declarada no apartado 2.1.e. Modifícase a redacción do apartado 2.2.e.i</p>



Artigo 2. Concepto de monte ou terro forestal	Jose Antonio Grela Sánchez	Apartado específico adicado a xestión de masas comúns, a súa posibilidade de cesión ou arrendamento en forma similar aos terreos agrarios xestionados polo bantegal.	Non	Consonte ao apartado 2.1.c), e a disposición derradeira segunda da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia
Artigo 3. Principios da lei	Sociedade Galega de Historia Natural	a) A xestión sostible do monte conforme a súa multifuncionalidade económica, social e ambiental por a) A xestión sostible do monte conforme a súa multifuncionalidade ambiental, económica, e social b) A conservación, protección e restauración dos montes por b) A conservación, protección e restauración dos ecosistemas forestais e da biodiversidade.	Si	
Artigo 3. Principios da lei	AEFEMA	En consonancia coa alegación xenérica segunda, consideramos que a conservación e o fomento da biodiversidade debe establecerse como un principio inspirador da lei e engadirse como tal principio ao artigo 3 do borrador da Lei de Montes. O articulado do borrador da Lei de Montes non fai ningunha referencia ao uso social deste en consonancia con ao artigo 54 bis da Lei 43/2003 e a habilitación normativa contida na Disposición Adicional Terceira desta, polo que se considera que debería facer a Lei Galega unha referencia cando menos aos principios que regularán o uso social do monte.	Si	Modifícase o apartado 3.d, e o uso social aparece no primeiro principio
Artigo 3. Principios da lei	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	a) A xestión sostible do monte conforme a súa multifuncionalidade económica, social e ambiental.a) O fomento e a A xestión sostible do monte conforme a súa multifuncionalidade económica, social e ambiental.g) A participación dos sectores sociais, medioambientais e económicos, relacionados coa política de montes.h) O interese público e social dos montes veciñais en man común e a colaboración coas comunidades de montes.i) O fomento da diversidade biolóxica dos ecosistemas monte.Fruga: Ao noso entender con esta nova redacción dase unha visión máis ampla e real do que é o monte e dos montes veciñais.MMVMC-CMVMC: Recóllense así con maior detalle todos os aspectos a considerar do monte galego e dos montes veciñais en man común.	Si, parcialmente	Todos eles aparecen recollidas total ou parcialmente ao longo do artigo (véxanse novas redaccións dos apartados a), d), i), j), k)



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 3. Principios da lei	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	a) A xestión sostible do monte conforme a súa multifuncionalidade económica, social e ambiental. a) O fomento e a A xestión sostible do monte conforme a súa multifuncionalidade económica, social e ambiental. g) A participación dos sectores sociais, medioambientais e económicos, relacionados coa política de montes. h) O interese público e social dos montes veciñais en man común e a colaboración coas comunidades de montes. i) O fomento da diversidade biolóxica dos ecosistemas monte. k) Enfoque de precaución, en virtude de cal, cando exista unha ameaza de redución ou perda substancial de diversidade biolóxica non debe alegarse a falla de probas científicas inequívocas como razón de aprazar as medidas encamiñadas a evitar ou reducir ao mínimo esta ameaza. l) Adaptación dos montes ao cambio climático. <i>MMVMC-CMVMC (2):</i> Dá unha visión máis real dos montes e dos montes veciñais en man común. g) A participación dos sectores sociais, medioambientais e económicos, relacionados coa política de montes. h) O interese público e social dos montes veciñais en man común e a colaboración coas comunidades de montes. i) O fomento da diversidade biolóxica dos ecosistemas monte. <i>MMVMC PC:</i> Da unha visión máis real dos montes veciñais en man común.	Si, parcialmente	Todos eles aparecen recollidas total ou parcialmente ao longo do artigo (véxanse novas redaccións dos apartados a), d), i), j), k)
Artigo 3. Principios da lei	Sindicato Nacional de CCOO de Galicia	Outro factor importante a ter en conta é o cambio climático xa que é un factor máis de presión para o medio que debe sumarse aos demaiselementos...	Si	Inclúense ao Cambio Climático, á restauración e conservación de ecosistemas forestais, á xestión forestal sostible
Artigo 4. Dereitos dos propietarios dos montes	Sociedade Galega de Historia Natural	Engadir "... e no establecido noutras leis de aplicación ambiental". Bótase en falta un artigo 4bis cós deberes	Si, parcialmente	Os deberes foron engadidos no artigo 44.2
Artigo 4. Dereitos dos propietarios dos montes	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Non hai ningún tipo de mención sobre a mellora da comunicación entre a administración forestal e os/as propietarios/as de montes. Esta é unha das grandes carencias no ámbito forestal da comunidade autónoma galega. Este punto cobra especial importancia ao sinalar a gran porcentaxe de superficie forestal galega en mans privadas. Sería de interese someter a un mínimo de horas de formación anuais sobre diversos conceptos de xestión forestal, compatibilización entre os diversos recursos forestais e naturais, conservación da biodiversidade e produción sostible ás xuntas directivas e ás asembleas das CMVMC e a outros/as propietarios/as privados/as de entes forestais. Tamén consideramos imprescindible favorecer mesas de participación social onde os diferentes usos do monte se vexan representados e se trata de lles buscar solucións aos conflitos existentes.	Si	Se constitúen foros de comunicación/mesas de participación entre propietarios e Admón. (artigos 12 e 100) e subliñase a necesidade de impulsar a formación de propietarios e silvicultores (art. 107.1)
Artigo 5. Función social dos montes	Sociedade Galega de Historia Natural	Debería incluír o espírito do art. 54bis da Lei de Montes estatal	Si	Dita regulación inclúese nos artigos 88 e 98



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

Artigo 5. Función social dos montes	Confederación Intersindical Galega (CIG)	<p>3. A consellería competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos e recreativos, en forma tal que se respecte sempre a potencialidade e utilización forestal dos mesmos por</p> <p>3. A Administración da Comunidade Autónoma de Galiza procurará a conservación, protección, ordenación e mellora dos montes, habilitando os medios humanos e materiais que sexan necesarios para manter e potenciar esa función social.</p> <p>A conservación, expansión e aproveitamento das masas forestais, ademais do aproveitamento multifuncional do monte, segundo criterios de xestión forestal sustentábel de acordo co disposto na presente Lei é de interese público e social sen prexuízo do réxime de propiedade.</p> <p>De xeito que se vincule de forma clara á Administración galego no seu conxunto como garantista do dereito dos cidadáns a un medio ambiente adecuado sendo os montes unha parte fundamental deste.</p>	Non	Enténdese que o punto 3 é axeitado na redacción actual. A xestión forestal sostible de tódolos recursos e servizos do monte (ver art. 84) é eixo vertebrador do texto, o interese público regúlase en determinados casos necesarios (art.65, 115 e 116...) pero sembre baixo o respecto á xestión e propiedade privada maioritaria do monte galego.
Artigo 6. Obxectivos	Grupo Naturalista Hábitat	Debería figurar como obxectivo básico a necesidade de preservar os bosques autóctonos actuais e de dotar de plans e fondos para a súa conservación.	Si, parcialmente	Recóllese no apartado 17, e concrétese, entre outros, nos artigos 22, 93 e 126
Artigo 6. Obxectivos	MMVMC Ponte Caldelas	8. Fomento dunha industria de transformación de madeira e doutros produtos forestais que procure a maximización dos valores engadidos, incluíndo diversificación na produción e favorecendo tanto a primeira como a segunda transformación.	Si, parcialmente	Modificouse o artigo 6.7
Artigo 6. Obxectivos	Jesús de la Fuente Villar	8. Fomento dunha industria de transformación de madeira e doutros produtos forestais que procure a maximización dos valores engadidos, incluíndo diversificación na produción e favorecendo tanto a primeira como a segunda transformación.	Si, parcialmente	Modificouse o artigo 6.7
Artigo 7. Potestade normativa				
Artigo 8. Definicións	Sociedade Galega de Historia Natural	Biomasa, biomasa vexetal, caldeiras de biomasa, dominio público, queima controlada, sostible e servidume	Si, parcialmente	Biomasa forestal



<p>Artigo 8. Definicións</p>	<p>Gestamp Biotermica, S.L./CESPA, S.A./NORVENTO BIOMASA/XERACION RURAL, S.L./Enerxias Renovables de Galicia, S.A./RENOVA GENERACIÓN DE ENERGÍAS RENOVABLES, S.L./ENERXÍA GALEGA DE BIOMASA, S.L./MONTEIMPO, S.A.U.</p>	<p>Así, estimamos que resultaría imprescindible la eliminación del último inciso, que sólo otorga la condición de cultivo energético a aquellas masas forestales que tengan por objeto inicial la producción energética. Y ello porque, con tal redacción, se excluyen de dicho concepto todas las masas forestales actualmente existentes. Es decir, no sólo se impediría durante un importantísimo período de tiempo el acceso a su materia prima a los productores de energía a partir de biomasa, sino que se limitarían de un modo incomprensible, las posibilidades de explotación de los terrenos por parte de sus propietarios que, en ningún caso, podrían optar por destinar las masas arbóreas actualmente existentes, a la producción energética. Debería optarse, insistimos, por permitir que los propietarios de masas arbóreas actuales puedan decidir libremente su destino permitiendo que, en su caso, sea la producción energética.</p> <p>Esta definición es la que, actualmente figura en el Real Decreto 661/2007, de 25 de mayo, por el que se regula la actividad de producción de energía eléctrica en régimen especial, con lo que no parece tener sentido una regulación más restrictiva. La redacción que proponemos, por tanto, sería la siguiente:</p> <p>Toda biomasa de origen forestal, procedente del aprovechamiento principal de masas forestales que tengan su origen en actividades de cultivo, recogida y, en caso necesario, procesado de las materias primas recogidas y cuyo destino final sea el energético.</p> <p>Entendemos, en definitiva, que las materias que deben tratarse para abordar con éxito y visión de futuro, la regulación de los cultivos energéticos, tienen la suficiente importancia y complejidad, como para merecer una regulación específica adicional, después de las consultas sectoriales y petición de informes a todos los agentes involucrados pues, de otro modo, quedará comprometido el futuro, no sólo del sector energético, sino también del forestal.</p> <p>Queda definido, de este modo, el término “biomasa”, que queda limitado a “residuos forestales” cuando, de hecho, sus posibilidades son mucho mayores tal y como queda recogido en el definición contenida en el Real Decreto 661/2007, de 25 de mayo, por el que se regula la actividad de producción de energía eléctrica en régimen especial, mucho más amplia y acertada, y más acorde con la realidad material a que se refiere dicho concepto.</p> <p>En efecto, dicho Real Decreto define el término Biomasa en su artículo 2.1.b.6), también de modo indirecto cuando, al determinar los tipos de instalaciones que podrán acogerse al régimen especial de producción de energía señala que:</p> <p>Se integrarán en el subgrupo b.6: Centrales que utilicen como combustible principal biomasa procedente de cultivos energéticos, de residuos de las actividades agrícolas o de jardinerías, o residuos de aprovechamientos forestales y otras operaciones selvícolas en las masas forestales y espacios verdes.</p> <p>Entendemos, por tanto, que debe incorporarse al texto de la nueva Ley de montes la acepción de biomasa contenida en el mencionado RD 661/2007, con la evidente eliminación de las referencias a actividades agrícolas y de jardinería, dado el ámbito al que se refiere la Ley de montes, sustituyendo a la que figura en la propuesta ya que, de otro modo, se estaría limitando el alcance del suministro de las plantas de generación de energía a partir de biomasa forestal, llegando incluso a hacer que pierda su sentido el establecimiento de los cultivos energéticos a que se refiere el propio borrador, según ya se ha señalado.</p> <p>La nueva redacción que proponemos, por tanto, para la definición del concepto “Gestor de biomasa”, sería la siguiente: Entidad que, acreditada por la Administración forestal, realice acciones de recogida, transporte, almacenaje, o procesado de biomasa procedente de cultivos energéticos, o residuos de aprovechamientos forestales y otras operaciones selvícolas en las masas forestales, para su valorización como aprovechamiento energético, compostaje, u otros sistemas de apreciación distintos del depósito en vertedero.</p> <p>En el mismo sentido, entendemos que debe sustituirse la expresión “procesado de residuos forestales”, por la más acertada, a nuestro entender “procesado de biomasa forestal”.</p> <p>Y ello porque, limitar las posibilidades de la biomasa aplicándole el término “residuos”, entra en contradicción con la posibilidad de procesar árboles del tipo que sean puesto que, según establece la Directiva 75/442/CEE, residuos es “cualquier sustancia u objeto del que el poseedor se desprenda o tenga la obligación de desprenderse” y por tanto, un material entregado o abandonado en nuestro entorno que</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Modificación de Cultivo energético forestal e Xestor de Biomasa</p>
----------------------------------	---	---	-----------------------------	--



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 8. Definicións	AEFEMA	<p>Neste artigo, que se corresponde ao apartado de definicións e co fin de aclarar problemas cotiáns cos que se atopa a Enxeñaría Técnica Forestal consideramos que se deben incluír as seguintes definicións:</p> <p>Produto forestal. Considerando este como aquel que ten un aproveitamento comercial.</p> <p>Resto forestal ou subproduto forestal. Considerando este como aquel que nas condicións de corta non ten un aproveitamento comercial inmediato.</p> <p>Residuo forestal. Considerando o mesmo como toda fracción de diámetro inferior a 7 centímetros consecuencia de restos de aproveitamento e matogueira que debe ser triturada e incorporada ao chan, prohibindo a súa extracción para evitar a perda de nutrientes.</p> <p>Proxecto de deslinda. Recollendo a súa definición, así como o contido mínimo deste documento: Memoria, planos, actas, acordos, documentación, etc.</p> <p>Couto redondo. Compreendendo unha definición clara e precisa do que se entende por tal.</p> <p>Técnico competente. Incluindo na definición os actuais titulados en Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal ou titulado universitario de grao ou posgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións.</p>	Si, parcialmente	Defínese couto redondo, técnico competente e inclúese e matízase o concepto de residuo no art. 88
Artigo 8. Definicións	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	<p>2. Aproveitamentos do monte: Son todos aqueles que teñen como base territorial o monte. <i>Fruga</i>: Esta proposta parte de que para que o monte se poña en valor para beneficio dos seus titulares e para beneficio da sociedade, no seu conxunto, todos os aproveitamentos que se dan no monte, teñen que ter a consideración de aproveitamentos do monte, independentemente de que algúns aproveitamentos teñan unha lexislación especial. <i>MMVMC-CMVMC</i>: Para que o monte se poña en valor para beneficio dos seus titulares e para beneficio da sociedade, no seu conxunto, todos os aproveitamentos que se dan no monte, teñen que ter a consideración de aproveitamentos do monte, independentemente do seu carácter (primario, secundario ou terciario) destes aproveitamentos e de que dispoñan ou non dunha lexislación específica. <i>Fruga</i>: 8. Forestal: Un aspecto do monte, relacionado con plantacións arbustivas. En coherencia coa primeira consideración xeral feita nestas achegas. <i>MMVMC-CMVM</i>: 8. Forestal: Un dos recursos do monte, relacionado co aproveitamento da madeira e os seus derivados. Xa dada na primeira emenda xeral. <i>Fruga</i>: Xestor de biomasa: persoa física, xurídica, comunidades de montes ou mancomunidades de comunidades de montes, que acreditados pola Administración autonómica, realiza accións de recollida, transporte, almacenamento ou procesado dos restos forestais para a súa valorización enerxética, de compostaxe ou outros aproveitamentos industriais. Esta achega faise por entender que os veciños e veciñas e as comunidades de montes, son os tradicionais xestores da biomasa. A lexislación debe recoller e defender que esta actividade poda ser levada a cabo, tamén, polas comunidades de montes. <i>MMVMC-CMVM</i>: Xestor de biomasa: persoa física, xurídica, comunidade de montes ou mancomunidade de montes, que, acreditados pola Administración autonómica, realiza accións de recollida, transporte, almacenamento ou procesado dos restos forestais para a súa valorización enerxética, de compostaxe ou outros aproveitamentos industriais. Os veciños e veciñas e as comunidades de montes son os tradicionais xestores da biomasa. Entendemos que a lexislación debe recoller e defender esta actividade para as comunidades de montes. Montes periurbanos: montes lindeiros con zonas urbanas e habilitados para unha utilización sociorecreativa en canto a accesibilidade, a existencia de infraestruturas e, en xeral a accións e dotacións que aumenten a súa capacidade de acollida. <i>Fruga</i>: Esta proposta non fai máis que recoller a realidade hoxe existente. <i>MMVMC-CMVMC</i>: A Lei debe recoller unha situación actual consolidada socialmente beneficiosa.</p>	Si, parcialmente	Modifícase aproveitamentos forestais, e xestor de biomasa. A definición de forestal emana da Lei básica de montes 43/2003



<p>Artigo 8. Definicións</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>2. Aproveitamentos do monte: Son todos aqueles que teñen como base territorial o monte. <i>MMVMC-CMVMC (2)</i>: Para que o monte se poña en valor para beneficio dos seus titulares e para beneficio da sociedade, no seu conxunto, todos os aproveitamentos que se dan no monte, teñen que ter a consideración de aproveitamentos do monte, independentemente de que algúns de estes aproveitamentos, teñan unha lexislación especial. <i>MMVC Ponte Caldelas</i>: Para que o monte se poña en valor para beneficio dos seus titulares e para beneficio da sociedade, no seu conxunto, todos os aproveitamentos que se dan no monte, teñen que ter a consideración de aproveitamentos do monte, independentemente do seu carácter (primario, secundario ou terciario) destes aproveitamentos e de que dispoñan ou non dunha lexislación específica. 8. Forestal: Un aspecto do monte, relacionado con plantacións arbustivas. A mesma que a dada para o artigo 1. Xestor de biomasa: persoa física, xurídica, comunidade de montes ou mancomunidade de montes, que, acreditados pola Administración autonómica, realiza accións de recollida, transporte, almacenamento ou procesado dos restos forestais para a súa valorización enerxética, de compostaxe ou outros aproveitamentos industriais. Os veciños e veciñas e as comunidades de montes son os tradicionais xestores da biomasa. Entendemos que a lexislación debe recoller e defender esta actividade para as comunidades de montes. Montes periurbanos: montes lindeiros con zonas urbanas e habilitados para unha utilización sociorecreativa en canto a accesibilidade, a existencia de infraestruturas e, en xeral a accións e dotacións que aumenten a súa capacidade de acollida. <i>MMVMC-CMVMC (2)</i> e <i>MMVMC PC</i>: É reflectir unha realidade.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Modifícase aproveitamentos forestais, e xestor de biomasa. A definición de forestal emana da Lei básica de montes 43/2003</p>
<p>Artigo 8. Definicións</p>	<p>APRAFOGA</p>	<p>Debería incluírse a seguinte descrición: Axente forestal, axente facultativo medioambiental: Funcionario que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente á Xunta de Galicia que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal e como establece o apartado 6º do artigo 283 da Ley de Enjuiciamiento Criminal.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Inclúese unha nova definición no artigo 8 "Axente forestal ou axente facultativo medioambiental"</p>
<p>Artigo 8. Definicións</p>	<p>Confederación Intersindical Galega (CIG)</p>	<p>Engadir:Axente forestal: Funcionario/a que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente ás administracións públicas que, acorde coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, ten encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal e como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Axuízamento Criminal. Así mesmo, deberían terse en conta moitas outras definicións que na redacción da lei son fundamentais para ter un vocabulario definido é axeitado á actualidade galega como: Bosque, prado, pastizal, montes periurbanos, biomasa forestal, Zona de Alto Risco de Incendio, tesela, cambio do uso forestal, cultivo enerxético forestal, multifuncionalidade do monte, vía de saca, Brigada de Investigación de Incendios Forestal, distrito forestal...</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Inclúese a compostaxe en relación aos Xestores de Biomasa, así como o termo corta de policía, rareo, montes periurbanos, cambio de uso forestal, cultivo enerxético forestal, vía de saca (art. 98). Estando recollidas noutras lexislacións termos como as ZAR (Lei 3/2007)</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 8. Definicións	Sindicato Nacional de CCOO de Galicia	<p>Do mesmo xeito que na Lei estatal 43/2003, do 21 de novembro, de montes, reformada pola Lei 10/2006, do 28 de abril, debería aparecer a definición de "Axentes Forestal" e/ou "Axente Facultativo Medioambiental", en consonancia tamén coa Lei 2/2000, do 21 de decembro, de creación da escala de Axentes Medioambientais da Xunta de Galicia, e co Decreto 293/1997, do 1 de outubro, polo que se aproba o regulamento da escala de Axentes Forestais.</p> <p>Unha das figuras máis caracterizadas para levar a cabo o cumprimento desta Lei sectorial de Montes é precisamente a figura de Axente Forestal e/ou Facultativo Medioambiental. Se ben é certo que estes traballadores teñen un estatuto de protección da legalidade dos feitos, cometidos, levantamento de actas, práctica de denuncias, seguimentos, investigacións e demais intervencións relacionadas coa posta en práctica das normas relacionadas coa defensa e protección do Medio Ambiente en xeral e dos montes en particular, recollido na Lei 43/2003, tamén é certo que todo tipo de normas autonómicas e de tipo sectorial deben acoller como mínimo estes mesmos aspectos que redundarán nunha mellor efectividade do traballo desenvolvido por estes traballadores ao estaren amparados polas normas de referencia sen ter que acudir permanentemente ao ditado en outras de carácter superior.</p> <p>Así, o texto a engadir sería o seguinte: Axente forestal ou axente facultativo medioambiental: Funcionario que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente á Xunta de Galicia que ten encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6º do artigo 283 da Lei de Axuízamento Criminal.</p>	Si, parcialmente	Inclúese unha nova definición no artigo 8 "Axente forestal ou axente facultativo medioambiental"
Artigo 8. Definicións	Unión Fenosa	<p>Liñas de transporte. As liñas de transporte están constituídas por:</p> <p>a. As liñas de tensión igual ou superior a 220 kV.</p> <p>b. As liñas de interconexión internacional, independentemente da súa tensión.</p> <p>Liñas de distribución. Terán a consideración de liñas de distribución todas aquelas instalacións eléctricas de tensión inferior a 220 kV. Entre elas distínguense:</p> <p>a. Liñas de distribución de alta tensión: Son aquelas redes, tanto aéreas como subterráneas, cuxa tensión e superior a 1 kV.</p> <p>b. Liñas de distribución de baixa tensión: Son aquelas liñas, tanto áreas como subterráneas, cuxa tensión e inferior o igual a 1 kV.</p>	Non	Se entende que ditas definicións deben formar parte da lexislación sectorial correspondente.
Artigo 8. Definicións	Cámara Oficial Mineira de Galicia	Que se tome en consideración a explotación dos recursos mineiros como un importante recurso dos montes	Non	O aproveitamento dos recursos mineiros non se considerará un aproveitamento forestal
Artigo 8. Definicións	Grupo Naturalista Hábitat	<p>Plantación forestal: introdución de especies forestais arbóreas ou arbustivas nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.</p> <p>Xa que repoboación é sinónimo de reforestación, xa indicado no punto 18.</p>	Non	As definicións proveñen da Lei básica de montes 43/2003. Os termos repoboación e reforestación non son sinónimos tal como se reflicte no texto



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Título I. Competencias das administracións públicas	Confederación Intersindical Galega (CIG)	Este título queda bastante minguado xa que precisa dunha maior definición das competencias das diferentes administracións públicas e en especial da administración autonómica e da súa consellería en materia de montes, da que é preciso unha recompilación das mesmas (non aparece ningunha). Sinalamos algunhas das que nos parecen máis importantes:~ A xestión dos montes cuxa administración é xestión teña atribuída legalmente.~ A regulamentación dos usos e aproveitamentos nos montes galegos.~ As actuacións en materia de sanidade forestal que sexan da súa competencia.~ A promoción da investigación e a educación en materia forestal.~ A xestión e conservación dos recursos xenéticos forestais e o control e seguimento do material forestal de reprodución empregado nas repoboacións forestais.O asesoramento e a colaboración no desenvolvemento da xestión dos montes veciñais, consonte aos principios da Lei.	Si	Dito título basease na delimitación competencial clara entres diferentes Admóns. A enumeración presentada se reflicte no texto (art. 123, 92, 114, 107, 108, 112) así como o enumerado 3 do art. 25 da Lei 13/1989 (en vigor)
Artigo 9. Competencias do Consello da Xunta	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	4. A autorización dos cambios de uso forestal a outros usos non agrarios, naqueles terreos forestais, onde se tivera producido un incendio forestal nos últimos 30 anos conforme coa Lei 43/2003. Fruga: Simplemente é para que fiquen máis claro. MMVMC-CMVMC: Para unha mellor claridade.	Non	Non é necesario referir no texto a tódalas transcritións introducidas ao abeiro da Lei básica de montes. No apartado 5 faise polo aporte de regulación que engade á norma.
Artigo 9. Competencias do Consello da Xunta	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	4. A autorización dos cambios de uso forestal a outros usos non agrarios, naqueles terreos forestais, onde se tivera producido un incendio forestal nos últimos 30 anos conforme coa Lei 43/2003. MMVMC-CMVMC: Para unha mellor claridade.	Non	Non é necesario referir no texto a tódalas transcritións introducidas ao abeiro da Lei básica de montes. No apartado 5 faise polo aporte de regulación que engade á norma.
Artigo 9. Competencias do Consello da Xunta	Grupo Naturalista Hábitat	4. A autorización dos cambios de uso forestal a outros usos non agrarios, naqueles terreos forestais, onde se tivera producido un incendio forestal nos últimos 30 anos conforme coa Lei 43/2003. Débese clarificar se pode haber un cambio de uso forestal a solo urbanizable tras os incendios. Na nosa opinión este punto débese regular de modo rigoroso, para non fomentar o uso de lumes intencionados como mecanismo de cambio no uso do solo.	Si	O cambio de uso logo de incendio regúlase polo artigo 59.3 a teor da Lei básica de montes (artigo 50).



Artigo 10. Atribucións da consellería competente en materia de montes	Jesús de la Fuente Villar	Mal redactado, non se entende.	Non	Redacción entelible.
Artigo 11. Competencias da Administración Local	Jesús de la Fuente Villar	A xestión dos montes catalogados debería ser sempre da administración forestal, aínda que exista un compromiso de coxestión coa entidade local titular do monte. Deste xeito garántese un tratamento homoxéneo do demanio forestal.	Si	Garántase dito tratamento: A xestión dos montes catalogados pertence á Administración forestal de forma xeral, agás que solicite o cambio o titular, debendo nestes casos ser autorizada por dita Admón. (art. 34.2). En calquera caso os aspectos técnico-facultativos das actuacións viran fixados nos pregos da Administración forestal (art. 34.3).
Artigo 12. Consello Forestal de Galicia	Cámara Oficial Mineira de Galicia	Debería incluír entre os seus membros á Cámara Oficial Mineira de Galicia. Dada a importancia do sector mineiro dentro da planificación do aproveitamento económico dos montes e o seu desenvolvemento económico. Sendo, en moitos montes, máis importante o aproveitamento mineiro que o forestal.	Non	A enumeración dos membros que compoñen o Consello regúlase mediante Decreto da Xunta de Galicia.
Título II. Clasificación e réxime xurídico dos montes. A propiedade forestal				
Capítulo I				
Artigo 13. Clasificación dos montes pola súa titularidade	Confederación Intersindical Galega (CIG)	Compre definir a natureza dos montes veciñais en man común acorde coa súa lexislación específica (Lei 31/1989 de montes veciñais en man común) Natureza dos montes veciñais en man común 1. Os montes veciñais en man común teñen natureza especial derivada desta propiedade en común sen asignación de cotas e suxeitas ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade. 2. Non está suxeitos a ningunha contribución de base territorial.	Si	Inclúese a indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade (máis ver artigo 20). Asemade a non suxeición a cotas de base territorial xa se recolle no artigo 2 da Lei 13/1989 (en vigor)



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 13. Clasificación dos montes pola súa titularidade	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. Os montes, por razón da súa titularidade, poden ser públicos, privados e montes veciñais en man común. <i>MMVMC – CMVM (2) e MMVMC PC</i> : É reflectir na lei, unha realidade. 4. Os montes veciñais en man común son montes privados, de natureza especial xermánica, que pertencen colectivamente, e sen atribución de cotas, ás respectivas comunidades veciñais titulares. <i>MMVMC PC</i> : As mesmas que para a achega xeral. 4. Os montes veciñais en man común son montes de natureza xermánica que pertencen colectivamente e sen asignación de cotas ás respectivas comunidades veciñais e xa que logo con as características de indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables. Non é de recibo que estas últimas características dos montes veciñais en man común, aparezan na Lei do Estado e na Lei da Comunidade Autónoma de Castela e León, e non aparezan na Lei de montes galega.	Si, parcialmente	Inclúese a indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade (máis ver artigo 20). Asemade a non suxeición a cotas de base territorial xa se recolle no artigo 2 da Lei 13/1989 (en vigor) Inclúese a natureza xermánica. A Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (art. 60) declara que "a propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza privada e colectiva..."
Artigo 13. Clasificación dos montes pola súa titularidade	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. Os montes, por razón da súa titularidade, poden ser públicos, privados e montes veciñais en man común. <i>Fruga</i> : Con esta redacción o que se fai é reflexar a Lei e a realidade. <i>MMVMC – CMVM</i> : A lexislación debe recoller as tres titularidades existentes en Galicia. 4. Os montes veciñais en man común son montes privados, de natureza especial xermánica, que pertencen colectivamente, e sen atribución de cotas, ás respectivas comunidades veciñais titulares. <i>Fruga</i> : Ao noso entender, de ficar a redacción tal como figura na proposta de anteproxecto estaríanse dando os pasos para despoir aos montes veciñais do seu carácter de propiedade comunal e da súa natureza xermánica, algo co que non podemos estar en nada de acordo. <i>MMVMC - CMVMC</i> : Xa recollida da emenda xeral primeira.	Si, parcialmente	Inclúese a natureza xermánica. A Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (art. 60) declara que "a propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza privada e colectiva..."
Capítulo II. Clasificación dos montes				
Sección 1ª. Montes públicos				
Artigo 14. Clasificación dos montes públicos				
Artigo 15. Montes de dominio público				
Artigo 16. Montes patrimoniais				



Sección 2ª. Montes privados				
Artigo 17. Clasificación dos montes privados	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	Pola súa natureza os montes privados poden ser de particulares, os chamados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e os veciñais en man común. Fruga: Como fica dito anteriormente o monte veciñal é unha titularidade distinta. MMVMC - CMVMC: Os montes veciñais son unha titularidade distinta da privada.	Non	A Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (art. 60) declara que "a propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza privada e colectiva..."
Artigo 17. Clasificación dos montes privados	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	Pola súa natureza os montes privados poden ser de particulares, os chamados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e os veciñais en man común. MMVMC PC: Como fica dito anteriormente o monte veciñal é unha titularidade distinta. MMVMC - CMVMC: Os montes veciñais son unha titularidade distinta da privada.	Non	A Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (art. 60) declara que "a propiedade dos montes veciñais en man común é de natureza privada e colectiva..."
Artigo 18. Montes de particulares				
Artigo 19. Montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo				
Artigo 20. Montes veciñais en man común	Confederación Intersindical Galega (CIG)	Propiedade dos montes veciñais en man común. 1. A propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, é de natureza privada e colectiva segundo definen os dous parágrafos seguintes. 2. A titularidade dominical e aproveitamento, sen asignación de cotas, é da comunidade de montes. 3. A comunidade de montes entenderase composta polas veciñas e veciños que a integren en cada momento.	Non	Se incluírá a proposta de "natureza xermánica" realizada polas CMVMC



Artigo 20. Montes veciñais en man común	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	Son montes veciñais en man común os montes de natureza xermánica que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen ás comunidades veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e veñan aproveitándose consuetudinariamente en réxime de comunidade xermánica, sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños, segundo as condicións establecidas para iso na súa lexislación específica.	Si	Se incluírá a proposta de "natureza xermánica"
Artigo 20. Montes veciñais en man común	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	<i>MMVMC:</i> 1. Son montes veciñais en man común e rexiranse por esta lei, os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais en calidade de grupos sociais e non como entes administrativos e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade xermánica sen asignación de cotas polos membros daquelas en condicións de veciños e veciñas. 2. Os montes veciñais en man común, son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables, non estando suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin a cota empresarial da seguridade social agraria. Conante coa actual lei de montes veciñais en man común. <i>MMVMC Ponte Caldelas:</i> Son montes veciñais en man común os montes de natureza xermánica que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen ás comunidades veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e veñan aproveitándose consuetudinariamente en réxime de comunidade xermánica, sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños, segundo as condicións establecidas para iso na súa lexislación específica.	Si	Se incluírá a proposta de "natureza xermánica"
Artigo 20. Montes veciñais en man común	Xosé Santos Otero	Debería de especificarse que os montes protectores incluídos en Espacios Naturais Protexidos, serán xestionados e regularanse dacordo coa lexislación que ampara a creación deses Espacios Naturais.	Si, parcialmente	Consonte a lexislación en conservación da natureza, a xestión do Espazos Naturais Protexidos regularase de forma prevalente a través dos PORN, PRUG e plans de conservación que os rexan.
Artigo 20. Montes veciñais en man común	Jesús Manuel Núñez Campelo	Debería de especificarse que os montes protectores incluídos en Espacios Naturais Protexidos, serán xestionados e regularanse dacordo coa lexislación que ampara a creación deses Espacios Naturais.	Si, parcialmente	Consonte a lexislación en conservación da natureza, a xestión do Espazos Naturais Protexidos regularase de forma prevalente a través dos PORN, PRUG e plans de conservación que os rexan.



Sección 3ª. Montes protectores				
Artigo 21. Concepto	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robareda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. A xestión dos montes protectores, corresponde aos e ás seus titulares. A Administración competente en materia de montes elaborará o proxecto de xestión e acompañará medidas económicas. Fruga: É lóxico que sexa así porque os montes protectores benefician a toda a sociedades, polo que a Administración ten de se implicar no seu mantemento. MMVMC - CMVMC: Os montes protetores benefician a toda a sociedade.	Si	Modifícase por titulares. A Admón. elaborará o proxecto se o declara de oficio, e facúltanse medidas compensatorias (puntos 2 e 3)
Artigo 21. Concepto	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	MMVMC - CMVMC: 2.- A consellería competente, a instancia do seu titular, poderá declarar como protectores os montes descritos no apartado 1 do presente artigo, oída a entidade local onde se atopen. Excepcionalmente, e previa audiencia do seu propietario, oído á entidade local onde radiquen, podarán declararse de oficio cando se cumpra algunha das condicións establecidas no número 1, apartados a), b), j) ou l) do artigo 27 desta Lei. A declaración de monte protector, farase pola Administración da comunidade autónoma correspondente, previo expediente no que, en todo caso, deerán ser escoitados os titulares e a entidade local onde radiquen. Igual procedemento se seguirá para a desclasificación unha vez que as circunstancias que determinaron a súa inclusión desaparezan. Queda máis claro o trámite de audiencia aos titulares.	Si, parcialmente	Modifícase a redacción.



Artigo 22. Xestión de montes protectores	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. A xestión dos montes protectores, corresponde aos seus titulares. A Administración competente en materia de montes elaborará o proxecto de xestión e acompañará medidas económicas. Os montes protectores benefician a toda a sociedade.	Si	Modifícase por titulares. A Admón. elaborará o proxecto se o declara de oficio, e facúltanse medidas compensatorias (puntos 2 e 3)
Artigo 22. Xestión de montes protectores	Xosé Santos Otero	Consideramos que deberían de crearse máis figuras de montes, que definan e protexan as especiais condicións de determinados ecosistemas forestais: Montes Periurbanos, Montes Protexidos, os propios dos Espacios Naturais Protexidos. Montes Preservados, aqueles que deban de preservarse por incluírse en zonas ZEPA.	Si, parcialmente	Xa está recollida no artigo 24 quáter.1 da Lei 10/2006. Artigo 88.1 menciona aos Montes Periurbanos
Artigo 22. Xestión de montes protectores	Jesús Manuel Núñez Campelo	Consideramos que deberían de crearse máis figuras de montes, que definan e protexan as especiais condicións de determinados ecosistemas forestais: Montes Periurbanos, Montes Protexidos, os propios dos Espacios Naturais Protexidos. Montes Preservados, aqueles que deban de preservarse por incluírse en zonas ZEPA.	Si, parcialmente	Xa está recollida no artigo 24 quáter.1 da Lei 10/2006. Artigo 88.1 menciona aos Montes Periurbanos
Capítulo II. Régime xurídico dos montes públicos				
Sección 1ª. Dos montes de dominio público				
Artigo 23. Montes de dominio público				
Artigo 24. Afectación ao dominio público				
Artigo 25. Desafectación dos montes de dominio público				



Sección 2ª. Dos montes patrimoniais				
Artigo 26. Da usucapión ou prescrición adquisitiva				
Sección 3ª. Montes de utilidade pública. Catálogo de Montes de Utilidade Pública				
Artigo 27. Declaración de montes de utilidade pública	Sociedade Galega de Historia Natural	Punto 2, Debería incluír tamén: "... a petición razoada avaliada **** sinaturas de persoas físicas xurídicas"	Non	Art 16 Lei básica 43/2003
Artigo 27. Declaración de montes de utilidade pública	Jesús de la Fuente Villar	Propónse engadir este apartado, en consonancia coa importancia que se lle quere dar aos corredores biolóxicos no artigo 34.5 da Lei 43/2003, correxido pola Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. ñ) Os que se atopen en zonas que constitúan vieiros ecolóxicos ou/e de conectividade xenética entre montes de interese ou con algunha figura de protección, a través de fondos de valgada, liñas de cumios e outras vías de comunicación natural, cos obxectivos de evitar o illamento das poboación, fomentar a biodiversidade, manter áreas cortalumes e asegurar a persistencia de vexetación autóctona de interese.	Si, parcialmente	Dita referencia aparece expresada no punto j) "Os que formen masas arbóreas de especial interese na conservación do patrimonio xenético forestal" asemade vese concretada nos artigos 93 e 126
Artigo 27. Declaración de montes de utilidade pública	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Deberíanse engadir os montes que se atopen en zonas que constitúan vieiros ecolóxicos ou/e de conectividade xenética entre montes de interese ou con algunha figura de protección, a través de fondos de valgada, liñas de cumios e outras vías de comunicación natural, cos obxectivos de evitar o illamento das poboacións, fomentar a biodiversidade, manter áreas de devasas e asegurar a persistencia de vexetación autóctona de interese.	Si, parcialmente	Dita referencia aparece expresada no punto j) "Os que formen masas arbóreas de especial interese na conservación do patrimonio xenético forestal" asemade vese concretada nos artigos 93 e 126



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 27. Declaración de montes de utilidade pública	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	MMVMCñ) Que se atopen en áreas de actuación prioritaria para os traballos de conservación dos solos fronte a procesos de erosión e de corrección hidrolóxicoforestal e, en especial as dunas continentais.o) Que se atopen formando parte daqueles tramos fluviais de interese ambiental incluídos noas planos hidrolóxicos das concas.p) Que estén situadas en áreas forestais declaradas de protección dentro dun Plan de Ordenación de Recursos Naturais ou dun Plano de Ordenación de Recursos Forestais.q) Que constitúan ou formen parte de espazos naturais protexidos, áreas de Rede Natura, reservas da biosfera e outras figuras legais de protección, ou se atopen nas súas zonas de influencia, así como que constitúan elementos relevantes da paisaxe.r) Que estén incluídos dentro das zonas de alto risco de incendios.É máis completo.Substituír este punto (punto 2) pola achega presentada ao artigo 21.A explicación é a mesma que para a achega ao artigo 21.MMVMC Ponte Caldelas:Propónse engadir este apartado, en consonancia coa importancia que se lle quere dar aos corredores biolóxicos no artigo 34.5 da Lei 43/2003, corrixido pola Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.ñ) Os que se atopen en zonas que constitúan vieiros ecolóxicos ou/e de conectividade xenética entre montes de interese ou con algunha figura de protección, a través de fondos de valgada, liñas de cumios e outras vías de comunicación natural, cos obxectivos de evitar o illamento das poboación, fomentar a biodiversidade, manter áreas cortalumes e asegurar a persistencia de vexetación autóctona de interese.	Si, parcialmente	A protección de bacías e solos aparecen descritas nos apartados a), b), c), d) e e). A referencia a ENP e PORN aparecen nos apartados f), g), i) e n), e as referencias a ZAR e prevención de incendios aparecen no j) e l). Téñase en conta as esixencias derivadas da propia Lei básica 43/2003.Respecto aos vieiros ecolóxicos ou corredores biolóxicos, dita referencia aparece expresada no punto j) "Os que formen masas arbóreas de especial interese na conservación do patrimonio xenético forestal" asemade vese concretada nos artigos 93 e 126
Artigo 28. Perda de condición de utilidade pública	Jesús de la Fuente Villar	Engadir: No caso de que por sentenza firme se declare que o monte non é de titularidade pública, se permanecesen as causas da súa inclusión no catálogo de montes de UP, promoverase de oficio a súa catalogación como monte protector.	Si, parcialmente	Dita declaración poderase facer de oficio, consonte o artigo 22 desta lei.
Artigo 28. Perda de condición de utilidade pública	MMVMC Ponte Caldelas	Engadir: No caso de que por sentenza firme se declare que o monte non é de titularidade pública, se permanecesen as causas da súa inclusión no catálogo de montes de UP, promoverase de oficio a súa catalogación como monte protector.	Si, parcialmente	Dita declaración poderase facer de oficio, consonte o artigo 22 desta lei.
Artigo 28. Perda de condición de utilidade pública	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	No caso de que un monte perdese a titularidade pública e as causas que manteñan a súa inclusión non catálogo, este deberíase catalogar como monte protector.	Si, parcialmente	Dita declaración poderase facer de oficio, consonte o artigo 22 desta lei.
Artigo 29. O Catálogo de Montes de Utilidade Pública				



Artigo 30. Inclusión e exclusión dos montes do Catálogo de Montes de Utilidade Pública				
Artigo 31. Efectos xurídicos da inclusión dos montes no Catálogo de Montes de Utilidade Pública				
Artigo 32. Permutas de montes catalogados de utilidade pública	Grupo Naturalista Hábitat	Na xestión dos montes públicos deberíase incluír algunha referencia á posibilidade de establecer acordos de custodia do territorio para a súa xestión.	Non	Os acordos de custodia do territorio desenvolveranse e regularanse no marco das leis en materia de conservación da natureza (como xa aparecen recollidos no art. 72 da Lei 42/2007)
Artigo 33. Concorrenza de declaracións demaniais				
Sección 4ª. Xestións dos montes públicos				



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 34. Xestións do montes públicos	Jesús de la Fuente Villar	Non é consecuenta a posibilidade que se establece de xestión pola propia entidade titular e a subordinación nos aproveitamentos nestes montes de UP aos pregos fixados pola administración forestal (34.3). Sería difícil xustificar incluso a intervención da guardería forestal no seguemento das talas fóra do que o procedemento sancionar estableza. Podería incluso contravir o establecido no art. 15 da Lei 43/2003, do 22 de novembro, de montes (Régime de usos no Dominio Público Forestal).	Non	A fixación de prescricións técnicas ten coma fin salvagardar os valores polos cales dito monte foi catalogado, establecendo un tratamento homoxéneo do demanio forestal (ver alegación solicitada no artigo 11). O seguemento e control dos aproveitamentos debe ser unha das principais razóns da labor da Admón. forestal, en todo tipo de montes.
Artigo 34. Xestións do montes públicos	MMVMC Ponte Caldelas	Non é consecuenta a posibilidade que se establece de xestión pola propia entidade titular e a subordinación nos aproveitamentos nestes montes de UP aos pregos fixados pola administración forestal (34.3). Sería difícil xustificar incluso a intervención da guardería forestal no seguemento das talas fóra do que o procedemento sancionar estableza. Podería incluso contravir o establecido no art. 15 da Lei 43/2003, do 22 de novembro, de montes (Régime de usos no Dominio Público Forestal).	Non	A fixación de prescricións técnicas ten coma fin salvagardar os valores polos cales dito monte foi catalogado, establecendo un tratamento homoxéneo do demanio forestal (ver alegación solicitada no artigo 11). O seguemento e control dos aproveitamentos debe ser unha das principais razóns da labor da Admón. forestal, en todo tipo de montes.
Artigo 35. Plans de melloras	Jesús de la Fuente Villar	Neste artigo fálase de entidades xestoras cando se debería falar da administración forestal (en consonancia co apuntado no artigo anterior).	Non	Débase regular a potestade do titular de elixir libremente a entidade xestora do seu monte, sen perxuízo da xestión consonte ao instrumento de ordenación obrigado e á execución consonte prescricións técnicas dirixidas a salvagardar os valores polos que foron obxecto de catalogación



Artigo 35. Plans de melloras	MMVMC Ponte Caldelas	Neste artigo fálase de entidades xestoras cando se debería falar da administración forestal (en consonancia co apuntado no artigo anterior).	Non	Débesse regular a potestade do titular de elixir libremente a entidade xestora do seu monte, sen perxuízo da xestión consonte ao instrumento de ordenación obrigado e á execución consonte prescricións técnicas dirixidas a salvagardar os valores polos que foron obxecto de catalogación
Artigo 36. Comisión de Montes de Dominio Público				
Sección 5ª. Réxime de autorizacións, concesións e servidumes nos montes de dominio público	Cámara Oficial Mineira de Galicia	En xeral é pouco clara a redacción dada ao capítulo enteiro e, non se axusta ao réxime de uso dos bens de dominio público contido na Lei de patrimonio das administracións públicas. Debe diferenciarse aquelas autorizacións, concesións e servidumes, sexan de uso privativo ou de uso común, de estrita natureza forestal, outorgadas ou impostas pola administración forestal, daqueloutras nos que a autorización, concesión ou servidume é outorgada por outra autoridade distinta da forestal, pero sobre un monte dos que regula a Lei, como ocorre, por exemplo, coas concesións mineiras. Neste caso, estamos ante ocupacións de montes público, sexas estas por interese particular ou por interese público e deben ser contempladas e reguladas neste apartado. A estes efectos, a regulación contida nos artigos 168 a 181 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de montes, xerou neste case medio século de vixencia, unha mecánica de funcionamento, que pode ser mellorada, pero non esquecida ou preterida.	Si, parcialmente	Modificáronse os artigos da presente Sección para facelos máis clarificadores
Artigo 37. Concesións e autorizacións en montes de dominio público				
Artigo 38. Outorgamento de autorizacións				



Artigo 39. Condições xerais para o outorgamento de concesión para uso privativo en montes catalogados				
Artigo 40. Concesións de interese público				
Artigo 41. Concesións de interese particular	Jesús de la Fuente Villar	Cando os montes non pertencen á Xunta de Galicia, habería que establecer unha distribución do canon; en principio, cabe entender que será o 40%, tal e como se establece no artigo 124.	Si	Aplicase o artigo 124
Artigo 41. Concesións de interese particular	MMVMC Ponte Caldelas	Cando os montes non pertencen á Xunta de Galicia, habería que establecer unha distribución do canon; en principio, cabe entender que será o 40%, tal e como se establece no artigo 124.	Si	Aplicase o artigo 124
Artigo 42. Servidumes en montes públicos non demaniais	Jesús de la Fuente Villar	A suspensión temporal das servidumes tras incendios forestais, por supor estas un risco para a rexeneración forestal (habería que incorporar “e a recuperación do solo”) nos montes públicos non demaniais, que se plantea neste punto, debería extenderse a calquera tipo de uso nos montes que pertencen ao demanio forestal.	Si	Modifícase o título do artigo e redacción.
Artigo 42. Servidumes en montes públicos non demaniais	MMVMC Ponte Caldelas	A suspensión temporal das servidumes tras incendios forestais, por supor estas un risco para a rexeneración forestal (habería que incorporar “e a recuperación do solo”) nos montes públicos non demaniais, que se plantea neste punto, debería extenderse a calquera tipo de uso nos montes que pertencen ao demanio forestal.	Si	Modifícase o título do artigo e redacción.
Sección 6ª. Recuperación posesoria				
Artigo 43. Potestade investigadora e recuperación de oficio				
Capítulo IV. Dos montes privativos				



Artigo 44. Xestión dos montes privados	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. Os titulares dos montes privados poderán xestionalos por si ou contratar a súa xestión, que poderá ter por obxecto calquera tipo de aproveitamento forestal conforme o mapa de usos, a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado ou público. O forestal é só un aspecto do monte.	Non	O forestal non é un aspecto do monte, a súa definición está regulada no artigo 8 e provén literalmente do artigo 6 da Lei 43/2003 básica de montes "Forestal: todo aquilo relativo aos montes".
Artigo 44. Xestión dos montes privados	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. Os titulares dos montes privados poderán xestionalos por si ou contratar a súa xestión, que poderá ter por obxecto calquera tipo de aproveitamento forestal conforme o mapa de usos, a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado ou público. O forestal é só un aspecto do monte.	Non	O forestal non é un aspecto do monte, a súa definición está regulada no artigo 8 e provén literalmente do artigo 6 da Lei 43/2003 básica de montes "Forestal: todo aquilo relativo aos montes".
Artigo 45. Dos montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo	Jesús de la Fuente Villar	8. Os beneficios que se xeren correspondentes as partes da propiedade non esclarecidas, deberán investirse na mellora do monte. No caso de non poder identificar a propiedade non esclarecida, deberá investirse na dita mellora polo menos o 15% do beneficio total obtido polos copropietarios. Non se entende. Por qué non se establece unha porcentaxe mínima de reinvestimento.	Si	
Artigo 45. Dos montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo	MMVMC Ponte Caldelas	8. Os beneficios que se xeren correspondentes as partes da propiedade non esclarecidas, deberán investirse na mellora do monte. No caso de non poder identificar a propiedade non esclarecida, deberá investirse na dita mellora polo menos o 15% do beneficio total obtido polos copropietarios. Non se entende. Por qué non se establece unha porcentaxe mínima de reinvestimento	Si	
Artigo 46. Dos montes veciñais en man común				



Capítulo V. Deslinde dos montes				
Sección 1ª. Do deslinde do montes públicos				
Artigo 47. Potestade de deslinde				
Artigo 48. Inicio do procedemento				
Artigo 49. Procedemento	Cámara Oficial Mineira de Galicia	<p>2. A iniciación do expediente de deslinde poderá implicar a suspensión do outorgamento de autorizacións de uso, concesións e servidumes, previamente outorgadas pola Administración forestal, que será levantada coa aprobación do deslinde, no caso no que non resultase alterada a superficie ou condicións do predio sobre o que estaba concedida.</p> <p>Di o devandito precepto que o inicio de expediente de deslinde pode implicar a suspensión do outorgamento de autorizacións de uso, concesión ou servidumes... debe aclarar que serán aquelas que dependan exclusivamente da administración forestal, non cando o outorgamento desas concesións dependa de terceiros. Dito doutra forma, non debese o deslinde dun monte público, supor a paralización da explotación mineira que no devandito monte áchese.</p>	Non	Enténdese necesario facultar á entidade pública da potestade de suspensión do outorgamento de autorización do uso, concesión ou servidume, durante o procedemento de deslinde e até a súa aprobación (no caso de non alterarse a superficie obxecto de dita autorización tralo deslinde)



Artigo 49. Procedemento	AEFEMA	<p>1. O procedemento de deslinde iniciárase por Resolución da Dirección Xeral competente en materia de montes coa aprobación da Memoria previamente redactada, que deberá consignar a situación do monte, unha xustificación da necesidade de realizar o deslinde, e o orzamento do mesmo. A continuación, notificarase individualmente a todos os propietarios de predios lindantes segundo o Rexistro da Propiedade ou o catastro, e publicarase un anuncio de conformidade co artigo 59.6 a) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no Diario Oficial de Galicia, na web da consellería competente en materia de montes, e nos taboleiros de anuncios do concello ou concellos afectados, abrindo un prazo de 30 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación, para aportar a documentación acreditativa da propiedade. A estes efectos só se considerará acreditativa da propiedade a titularidade reflectida nos asentos do correspondente Rexistro da propiedade, e no seu defecto, no catastro e, no seu caso, a acreditativa de situacións posesorias por calquera medio de proba, nos termos que regulamentariamente se determinen, e que a Administración estime conveniente. No anuncio indicárase ademais, data, hora e lugar de inicio do apeo; e nomeamento do instrutor do expediente , que deberá ser un funcionario con titulación universitaria de grao con atribucións en materia forestal técnico competente.</p> <p>No artigo 49 do borrador da Lei de Montes de Galicia na referencia ao instrutor do expediente, deberase substituír a expresión “titulación universitaria de grao en materia forestal” pola de “técnico competente” de acordo coa definición exposta na alegación CUARTA, isto son titulados en Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal ou titulado universitario de grao ou posgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións.</p>	Si	
Artigo 50. Aprobación				
Artigo 51. Amolloamento				
Sección segunda Do deslinde dos Montes Veciñais en Man Común	Xosé Santos Otero	A administración procederá previa petición da colectividade afectada á clasificación do monte veciñal en man común pondo os seus medios técnicos e humanos a disposición do procedemento de recoñecemento administrativo de ditos terreos, no prazo máximo dun ano.	Si, parcialmente	O artigo 55.4 e 119 establece liñas de axudas pública económicas específicas para a realización de deslindamentos en MVMC. Asemade será necesario informe en prazo de 6 meses da Admón. Forestal respecto ao inicio do deslindamento con particulares (54.1)



Sección segunda Do deslinde dos Montes Veciñais en Man Común	Jesús Manuel Núñez Campelo	A administración procederá previa petición da colectividade afectada á clasificación do monte veciñal en man común pondo os seus medios técnicos e humanos a disposición do procedemento de recoñecemento administrativo de ditos terreos, no prazo máximo dun ano.	Si, parcialmente	O artigo 55.4 e 119 establece liñas de axudas pública económicas específicas para a realización de deslindamentos en MVMC. Asemade será necesario informe en prazo de 6 meses da Admón. Forestal respecto ao inicio do deslindamento con particulares (54.1)
Sección segundaDo deslinde dos Montes Veciñais en Man Común	Confederación Intersindical Galega (CIG)	Deslinde dos montesNo que corresponde aos montes veciñais en man común o articulado exime da anterior responsabilidade á administración forestal e traslada este cometido aos propietarios. Dende a CIG cremos que é un erro e que vai por en litixio a moitas comunidades xerando unha gran conflictividade. Propomos o cambio de articulado de xeito que quede como sinala o regulamento da lei de MVMC e que sexa competencia da administración forestal, realizando esta tando o deslinde como a fase posterior de marcar os lindeiros Propomos modificar o art. 47.1 e modificar os seguinte adecuándoos a estes criterios.	Si, parcialmente	O artigo 55.4 e 119 establece liñas de axudas pública económicas específicas para a realización de deslindamentos en MVMC. Asemade será necesario informe en prazo de 6 meses da Admón. Forestal respecto ao inicio do deslindamento con particulares (54.1)
Artigo 52. Das fases do deslinde	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán	Cambiar situacións posesorias acreditadas por situacións de propiedade acreditadas. Explicación: Se se consideran as situacións posesorias, implica que se aplica o principio da usucapión, co cal, desacréditase este tipo de propiedade o quee posibilitará a desaparición de moitos montes veciñais ao desaparecer o seu carácter de imprescriptible.	Si	Modifícase o artigo aplicando as esixencias dispostas en montes públicos (art. 49)



Artigo 53. Do procedemento de deslinde entre montes veciñais en man común	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. Os perímetros estremeiros con outros montes veciñais en man común deberán ser obxecto de deslindamento provisional polas comunidades propietarias co equipo técnico e xurídico dos servizos provinciais de montes. Logo de ratificado o deslindamento provisional polas asembleas xerais de cada unha das comunidades de montes afectadas, darase traslado ao Xurado provincial dos acordos alcanzados, e da seguinte documentación ou calquera outra que se poida establecer por Orde da consellería competente en materia de montes: acta do deslinde, memoria descritiva con planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz ou de 1ª Instancia correspondente e certificacións de aprobación por parte de cada unha das comunidades implicadas. Se a Administración ten competencia na declaración do monte como veciñal en man común, ten que dispor de mecanismos para o deslinde.	Non	Os mecanismos de fomento para o deslinde aparecen reflectidos no artigo 55.4 e 119. Asemade poderase acudir a arbitraxe da consellería de así acordalo ambas partes. A maior abundamento será necesario informe en prazo de 6 meses da Admón. Forestal respecto ao inicio do deslindamento con particulares (54.1)
Artigo 53. Do procedemento de deslinde entre montes veciñais en man común	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. Os perímetros estremeiros con outros montes veciñais en man común deberán ser obxecto de deslindamento provisional polas comunidades propietarias polo equipo técnico e xurídico dos servizos provinciais de montes. Logo de ratificado o deslindamento provisional polas asembleas xerais de cada unha das comunidades de montes afectadas, darase traslado ao Xurado provincial dos acordos alcanzados, e da seguinte documentación ou calquera outra que se poida establecer por Orde da consellería competente en materia de montes: acta do deslinde, memoria descritiva con planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz ou de 1ª Instancia correspondente e certificacións de aprobación por parte de cada unha das comunidades implicadas. Se a Administración ten competencia na declaración do monte como veciñal en man común, ten que dispor de mecanismos para o deslinde	Non	Os mecanismos de fomento para o deslinde aparecen reflectidos no artigo 55.4 e 119. Asemade poderase acudir a arbitraxe da consellería de así acordalo ambas partes. A maior abundamento será necesario informe en prazo de 6 meses da Admón. Forestal respecto ao inicio do deslindamento con particulares (54.1)
Artigo 54. Do procedemento de deslinde de montes veciñais con propiedades particulares	Cámara Oficial Mineira de Galicia	1. A comunidade propietaria presentará á Administración forestal, previo acordo da súa Asemblea Xeral, unha proposta coa liña de deslinde entre o monte veciñal e as propiedades privadas particulares que se pretende adoptar; o servizo competente en materia de montes da correspondente xefatura territorial informará respecto a existencia ou non de menoscabo da integridade do monte veciñal. No caso de informe favorable, iniciarase o procedemento coa notificación persoal aos titulares das fincas que han de ser deslindadas ou vanse a ver afectadas, coa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da consellería con competencias en materia de montes, así como coa publicación de edictos no taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume da parroquia, indicando o lugar ou lugares onde se atopa, plano topográfico e demais documentación do monte, concedendo o prazo dun mes para presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e títulos que acrediten a propiedade ou posesión de predios lindantes. Parece claro que neste suposto, os titulares desa leira particulares que van ser deslindadas co monte veciñal, deben ser chamados a ser parte no procedemento.	Non	No inicio do procedemento se descoñecerán todos os posibles interesados debendo ir as formulas de publicación establecidas no artigo 1, para que aqueles se manifesten.



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 54. Do procedemento de deslinde de montes veciñais con propiedades particulares	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán	1. A comunidade propietaria presentará á Administración forestal, previo acordo da súa Asemblea Xeral, unha proposta coa liña de deslinde entre o monte veciñal e as propiedades privadas particulares que se pretende adoptar; o servizo competente en materia de montes da correspondente xefatura territorial informará respecto a existencia ou non de menoscabo da integridade do monte veciñal. O procedemento a seguir será o mesmo que para os montes de utilidade pública. No caso de informe favorable, iniciárase o procedemento coa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da consellería con competencias en materia de montes, así como coa publicación de edictos no taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume da parroquia, indicando o lugar ou lugares onde se atopa, plano topográfico e demais documentación do monte, concedendo o prazo dun mes para presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e títulos que acrediten a propiedade ou posesión de predios lindantes. O monte veciñal é unha titularidade singular.	Non	No inicio do procedemento se descoñecerán todos os posibles interesados debendo ir as formulas de publicación establecidas no artigo 1, para que aqueles se manifesten.
Artigo 55. Do amolloamento de montes veciñais en man común	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. Firme en vía administrativa a resolución aprobatoria de deslinde, poderanse colocar a Administración colocará os marcos en puntos sobresaíntes de coordenadas xeográficas levantados no devandito deslinde. <i>MMVMC-CMVMC e MMVMC PC:</i> Non pode ser unha opción, ten que ser unha obriga. <i>MMVMC-CMVMC e MMVMC PC:</i> (Punto 2) Cambiar de orde o tema de "resolta pola vía xudicial" e de "pronunciamento do Xurado Provincial". Explicación: Semella lóxico que a vía xudicial sexa a última instancia.	Si, parcialmente	Habilítanse no punto 4 liñas de financiamento para o amolloamento. Variase a orde da forma proposta.
Artigo 55. Do amolloamento de montes veciñais en man común	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. Firme en vía administrativa a resolución aprobatoria de deslinde, poderanse colocar a Administración colocará os marcos en puntos sobresaíntes de coordenadas xeográficas levantados no devandito deslinde. <i>Fruga:</i> Non pode ser unha opción, ten que ser unha obriga. <i>MMVMC-CMVMC:</i> A Administración, unha vez aprobado o deslinde, ten que ter a obriga de realizar a derrega. <i>Fruga:</i> 2. Este punto (punto 2) determina que se o procedemento do marke presentara problemas en relación coa propiedade este ficara suspenso até que a cuestión sexa resolta en vía xudicial ou exista un pronunciamento do Xurado provincial. Ao noso entender primeiro terá de se manifestar a Administración e logo, de non se chegar a un acordo por esta vía, o lóxico é que o asunto se dirima na vía xurisdiccional e non ao revés como se interpreta da redacción que aparece no texto proposto. <i>MMVMC-CMVMC:</i> (Punto 2) Cambiar de orde o tema de "resolta pola vía xudicial" e de "pronunciamento do Xurado Provincial". Explicación: Semella lóxico que a vía xudicial sexa a última instancia.	Si, parcialmente	Habilítanse no punto 4 liñas de financiamento para o amolloamento. Variase a orde da forma proposta.



Capítulo VI. Adquisición de propiedades forestais				
Artigo 56. Adquisición de terreos pola Administración	Sociedade Galega de Historia Natural	Sebería suprimirse o punto 4 e engadir ao final do punto 3 "Polo tanto, calquera autorización notarial ou inscrición rexistral das correspondentes escrituras considerárase fraudulenta e nula de pleno dereito, e dará lugar a incoación de expedentes por falta grave a todas as persoas intervintes en ditas actuacións.	Si, parcialmente	Inclúese unha nova infracción no artigo 128
Artigo 57. Adquisición de terreos polas comunidades de montes veciñais en man común	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	<p>2. O precitado dereito de adquisición preferente dos montes veciñais en man común, rexeráse polo disposto nos apartados 3, 4 e 5 do artigo precedente.</p> <p>Emenda de substitución do texto actual polo seguinte: De xeito excepcional, as comunidades de montes veciñais en man común, poderán adquirir terreos colindantes e enclavados. Así como adquirir terras se padecen un acto de expropiación, que signifique eliminación física do monte. Estas adquisicións comunicaranse ao Xurado Provincial de montes veciñais en man común que integrará a superficie adquirida e o comunicar. a ao Rexistro de Propiedade que tomará razón da mesma. Os terreos adquiridos, terán a consideración de monte veciñal en man común. O mesmo acontecerá, se polos mesmos motivos, as comunidades de montes adquiriron terras antes da entrada en vigor de esta lei.</p> <p>Para o que, as comunidades de montes veciñais en man común, terán plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos sobre o monte veciñal e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración, disposición e actos derivados.</p> <p>Así mesmo, as comunidades de montes veciñais en man común, terán plena capacidade xurídica para a realización de todos aqueles actos e negocios xurídicos que teñan por obxecto obras ou servizos comunitarios e, en xeral, para todos aqueles actos ou negocios xurídicos que redunden no beneficio da comunidade veciñal, de acordo co que se decida en cada momento a súa asemblea xeral.</p> <p><i>Fruga:</i> É o xeito de que, sen perder a súa condición de carácter xermánico, poida adquirir terras. De non facelo así, o que se pretende por medio esta lei de montes, e dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica, e xa que logo, iniciar o camiño da súa privatización.</p> <p><i>MMVMC-CMVMC:</i> As comunidades de montes, sen perder o seu carácter xermánico, deben ter capacidade de adquirir novas terras soamente para compensar as perdas por expropiación ou para eliminar enclavados que son antigas apropiacións, para facilitar a súa xestión integral. Pero estender esta capacidade de xeito indiscriminado significa de feito dotalas de personalidade xurídica, o que pon en cuestión o principio de inalienabilidade contido na normativa vixente.</p>	Si, parcialmente	Modifícase e amplíase o artigo



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Artigo 57. Adquisición de terreos polas comunidades de montes veciñais en man común</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>2. O precitado dereito de adquisición preferente dos montes veciñais en man común, rexeráse polo disposto nos apartados 3, 4 e 5 do artigo precedente. Emenda de substitución do texto actual polo seguinte: De xeito excepcional, as comunidades de montes veciñais en man común, poderán adquirir terreos colindantes e enclavados. Así como adquirir terras se padecen un acto de expropiación, que signifique eliminación física do monte. Estas adquisicións comunicaranse ao Xurado Provincial de montes veciñais en man común que integrará a superficie adquirida e o comunicar. a ao Rexistro de Propiedade que tomará razón da mesma. Os terreos adquiridos, terán a consideración de monte veciñal en man común. O mesmo acontecerá, se polos mesmos motivos, as comunidades de montes adquiriron terras antes da entrada en vigor de esta lei. Para o que, as comunidades de montes veciñais en man común, terán plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos sobre o monte veciñal e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración, disposición e actos derivados. Así mesmo, as comunidades de montes veciñais en man común, terán plena capacidade xurídica para a realización de todos aqueles actos e negocios xurídicos que teñan por obxecto obras ou servizos comunitarios e, en xeral, para todos aqueles actos ou negocios xurídicos que redunden no beneficio da comunidade veciñal, de acordo co que se decida en cada momento a súa asemblea xeral. <i>MMVMC PC:</i> É o xeito de que, sen perder a súa condición de carácter xermánico, poida adquirir terras. De non facelo así, o que se pretende por medio de esta lei de montes, e dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica, e xa que logo, iniciar o camiño da súa privatización. <i>MMVMC-CMVMC:</i> As comunidades de montes, sen perder o seu carácter xermánico, deben ter capacidade de adquirir novas terras soamente para compensar as perdas por expropiación ou para eliminar enclavados que son antigas apropiacións, para facilitar a súa xestión integral. Pero estender esta capacidade de xeito indiscriminado significa de feito dotalas de personalidade xurídica, o que pon en cuestión o principio de inalienabilidade contido na normativa vixente.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Modifícase e amplíase o artigo</p>
<p>Capítulo VII. Conservación e protección de montes</p>	<p>Cámara Oficial Mineira de Galicia</p>	<p>No ámbito forestal é frecuente que un monte deixe de ter, sequera temporalmente, contido arborado e, non por iso, deixa de ser monte. Nesa mesma orde de cousas, podería incluírse a minería como unha actividade forestal, do mesmo xeito que se consideran os pastos, a caza, etc... Non en balde, unha actividade extractiva, ben entendida, pode determinar unha restauración que mellore substancialmente o monte desde o punto de vista forestal.</p>	<p>Non</p>	<p>A minería non se considera actividade forestal</p>
<p>Artigo 58. Uso e actividade forestal</p>	<p>Cámara Oficial Mineira de Galicia</p>	<p>2. Para os efectos desta Lei, enténdese por actividade forestal toda acción material relativa á conservación, mellora e aproveitamento dos montes, tales como os aproveitamentos da madeira, biomasa, pastos, caza, subsolo e recursos minerais, cogomelos, aromáticas, froitos, etc. De non aceptarse a redacción proposta, debería establecerse un termo medio que recolla aquelas actividades como a mineira, que transitoriamente poden determinar que o uso e actividade do monte non sexa o forestal, pero sen que iso determine cambio do uso. 4. Os cesamentos temporais no uso ou actividade forestal dun monte, determinados por outras actividades ou usos temporais, debidamente autorizados e, que sexan compatibles coa restitución e/ou mellora dos valores forestais, non suporán cambio de uso forestal.</p>	<p>Non</p>	<p>O subsolo e recursos minerais non se consideran actividade forestal</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Artigo 59. Cambio de uso forestal</p>	<p>Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica</p>	<p>(Ver tamén art. 86). A maior parte dos incendios invernales son causados co obxectivo de favorecer a creación de pastos e a aparición de brotes novos para a gandería extensiva. Isto implica anualmente un gasto tremendo nos servizos de extinción e unha perda continua de solo ano tras ano en moitos montes. Unha solución a este problema sería prohibir meter gando nas zonas incendiadas por un período mínimo de 5 ANOS. Obviamente, esta decisión debe levar consigo un seguimento e o establecemento de mecanismos de comunicación entre os gandeiros e a Administración para manter a gandería dun xeito máis sostible e económico ao longo do tempo (queimas controladas, creación de pasteiros en zonas recorrentes de incendios, etc.).</p> <p>Por outra parte, algunhas veces a raíz de repoboacións fallidas e con moitas marras, cando no prego de condicións a empresa contratada ten a obriga de repoñer esas marras, téñense dado casos de incendios forestais derivados dos custos de desbroce e co obxectivo de facilitar a repoboación do monte despois dos incendios abaratando a tarefa. Isto tamén sucede algunhas veces cando hai obras previstas no monte que requiren un desbroce previo. A solución ideal sería a obriga de aprazar estes traballos ata a matorralización do monte ao seu estado anterior á declaración do incendio, sendo para a comunidade galega ideal e espera dun mínimo de 3 anos.</p> <p>(Ver tamén art. 87). No caso da caza e particularmente nalgúns tecores, tense dato a casualidade de que antes do comezo da tempada de caza, as zonas de refuxio de fauna sufriron incendios co suposto obxectivo quizais, de mover a fauna cara a zonas onde pode ser cazable. Neste caso, a solución sería extraer a superficie queimada da zona de refuxio de fauna (na que por estar queimada non se pode cazar de todos os xeitos) e acoutar unha parcela da mesma extensión nunha superficie que fose cazable co maior grao de cobertura posible para así facer efectivo o seu fin de refuxio que se perde por eses incendios malintencionados.</p>	<p>Non</p>	<p>A limitación á caza e o patoreo logo dun incendio forestal xa está regulada nos artigos 43.1 e 44.1 da Lei 3/2007. Asemade as repoboacións fallidas por marras son obriga do beneficiario (axudas) ou do adxudicatario (recepción e prazo de garantía Lei 30/2007)</p>
<p>Artigo 59. Cambio de uso forestal</p>	<p>Jesús de la Fuente Villar</p>	<p>Non se menciona a excepcionalidade que establece o artigo 40 da Lei 43/2003, de montes en relación aos cambios de uso forestal por razóns diferentes do interese xeral.</p>	<p>Si</p>	
<p>Artigo 59. Cambio de uso forestal</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p><i>MMVMC Ponte Caldelas:</i></p> <p>Non se menciona a excepcionalidade que establece o artigo 40 da Lei 43/2003, de montes en relación aos cambios de uso forestal por razóns diferentes do interese xeral.</p> <p>3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderase producir un cambio de uso en 30 anos. Con carácter singular, poderanse acordar excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivera previsto, agás nos casos en que o causante do lume sexa o titular do monte: <i>MMVMC-CMVMC e MMVMC PC</i>: Non se pode castigar ao titular do monte dobremente polo propio lume e por impedir a súa planificación do monte, cando o lume foi causado por un alleo.</p>	<p>Si</p>	<p>Establécense excepcións - non en función do causante do lume - senón en concordancia co artigo 50 da Lei básica de montes 43/2003.</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 59. Cambio de uso forestal	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderase producir un cambio de uso en 30 anos. Con carácter singular, poderanse acordar excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivera previsto, agás nos casos en que o causante do lume sexa o titular do monte: <i>Fruga</i> : Coa redacción do texto do anteproxecto pódese entender que o titular do monte vai ser dobremente castigado, tanto polos danos causados polo propio lume, como que, como consecuencia deste se lle impida a súa planificación, sobre todo cando o lume é causado por persoas alleas á titularidade do monte. <i>MMVMC-CMVMC</i> : 3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderase producir un cambio de uso en 30 anos nos casos en que o causante do lume sexa o titular do monte. Con carácter singular, poderanse acordar excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivera previsto:O texto do borrador presupón con carácter xenérico que os causantes dos lumes son os propietarios dos montes. É unha acusación gratuíta, ilegal e ilexítima.	Si	Establécense excepcións - non en función do causante do lume - senón en concordancia co artigo 50 da Lei básica de montes 43/2003.
Artigo 59. Cambio de uso forestal	UNITEGA	4. A realización de traballos de mellora de hábitat para as especies cinexéticas que se realices nos tecores non terán a consideración de cambio de uso forestal.	Si	Afecta ao artigo 60
Artigo 60. Cambios de actividade forestal a agrícola	Jesús de la Fuente Villar	O cambio de actividade forestal a agrícola segue a ser un cambio de uso forestal segundo o art. 40 da Lei 43/2003, e segundo a definición que se fai no artigo 6.l). Precísase da autorización da administración forestal en todos os casos; enténdese que non é posible facer excepcións en función do cambio de actividade, á vista do artigo 40 xa mencionado. Só deste xeito garantims unha avaliación do risco que pode supor alteracións do solo forestal (pendentes elevadas, fondos de valgada expostas á escorrentía, ...), eliminación de zonas incluídas no inventario nacional de hábitats, destrucións de masas arboradas de interese, etc. A maior abundamento o artigo 67.a) tipifica o cambio de uso forestal sen autorización como infracción.	Non	Os cambios de actividade forestal a agrícola non teñen porque implicar o cambio de uso
Artigo 60. Cambios de actividade forestal a agrícola	MMVMC Ponte Caldelas	O cambio de actividade forestal a agrícola segue a ser un cambio de uso forestal segundo o art. 40 da Lei 43/2003, e segundo a definición que se fai no artigo 6.l). Precísase da autorización da administración forestal en todos os casos; enténdese que non é posible facer excepcións en función do cambio de actividade, á vista do artigo 40 xa mencionado. Só deste xeito garantims unha avaliación do risco que pode supor alteracións do solo forestal (pendentes elevadas, fondos de valgada expostas á escorrentía, ...), eliminación de zonas incluídas no inventario nacional de hábitats, destrucións de masas arboradas de interese, etc. A maior abundamento o artigo 67.a) tipifica o cambio de uso forestal sen autorización como infracción.	Non	Os cambios de actividade forestal a agrícola non teñen porque implicar o cambio de uso
Artigo 60. Cambios de actividade forestal a agrícola	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Debido á fragmentación das carballeiras atlánticas e á ameaza existente da viabilidade xenética a longo prazo de Quercus robur, non se pode permitir o cambio de uso forestal en parcelas de máis de 3 ha e con exemplares de 5 anos ou máis e un grao de cobertura da especie mínimo do 40% en ningún caso. En todos os casos, deberíaselles solicitar autorización á administración forestal para asegurar que non existan alteracións do solo forestal, destrucións de arborado de interese, eliminación de hábitats protexidos, etc. Non se deberían modificar en ningún caso parcelas de arborado autóctono cando exista a dispoñibilidade de realizar o cambio de uso en parcelas de especies de crecemento rápido alóctonas. Estas solicitudes son acordadas ao recollido no artigo 111 relacionado coa conservación do acervo xenético forestal.	Si, parcialmente	Os artigos 61- apartados a) e b)- dirixíñse a este fin. A maior abundamento se regulan os artigos 93 e 126.



Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal	Jesús de la Fuente Villar	a) Que linden con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias autóctonas. b) Que constitúan enclaves agrícolas de ata cinco hectáreas en superficie arborada, utilizando as especies das superficies limítrofes ou frondosas caducifolias autóctonas.	Non	Enténdense acaída dita limitación ás frondosas caducifolias
Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal	Sociedade Galega de Historia Natural	Punto a): Incluir frondosas autóctonas non caducifolias	Non	Enténdense acaída dita limitación ás frondosas caducifolias
Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal	AEFEMA	Debe limitarse a mención ao xénero eucalyptus xa que non hai motivo ningún para que outras frondosas non caducifolias como a sobreira, albedro, loureiro, acivro, etc., non poidan ser consideradas como especies para repoboar terreos agrícolas.	Non	Enténdense acaída dita limitación ás frondosas caducifolias
Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal	Verdegaia/Plataforma para a defensa de la Cordillera Cantábrica	En ningún caso estes cambios de actividade se deberían permitir para implantar especies do xénero Eucalyptus e outras especies alóctonas de crecemento rápido así como cultivos de coníferas exóticas (Pinus radiata, Pseudotsuga menziesii, entre outras).	Si	Frondosas caducifolias
Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal	Confederación Intersindical Galega (CIG)	Cómpre que siga vixente a prohibición de reforestación de terras agrarias para conquistar unha ordenación do territorio e minimizar as conflitos polos usos, polo que propomos a supresión do art. 61 e a inclusión dun novo punto no art. 67.	Non	O cambio de actividade deberá estar limitado e regulado pero non totalmente prohibido
Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	<i>Fruga:</i> Eliminar este artigo. Co texto do anteproxecto estase permitindo a forestación de terras agrarias, asunto co que xa manifestamos a nosa total oposición. <i>MMVMC-CMVMC:</i> Propónse a súa eliminación. Non se debe permitir ningunha forestación de terras agrarias, polas razóns adecuadas máis arriba.	Non	O cambio de actividade deberá estar limitado e regulado pero non totalmente prohibido



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Artigo 61. Cambios de actividade agrícola a forestal</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p><i>MMVMC-CMVMC:</i> Proponse a súa eliminación. Non se debe permitir ningunha forestación de terras agrarias, polas razóns adecuadas máis arriba. <i>MMVMC Ponte Caldelas:</i> a) Que linden con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias autóctonas. b) Que constitúan enclaves agrícolas de ata cinco hectáreas en superficie arborada, utilizando as especies das superficies limítrofes ou frondosas caducifolias autóctonas.</p>	<p>Non</p>	<p>O cambio de actividade deberá estar limitado e regulado pero non totalmente prohibido. Enténdense acaída dita limitación ás frondosas caducifolias</p>
<p>Artigo 62. Supostos especiais de cambio de actividade</p>	<p>Verdegaia/Plataforma para a defensa de la Cordillera Cantábrica</p>	<p>Cando os cambios de actividade lles afecten a espazos naturais protexidos ou a espazos da Rede Natura 2000 deberán contar coa autorización da dirección xeral correspondente da Consellería competente en materia de conservación da natureza e cun estudo de avaliación de impacto ambiental co seu correspondente proceso de participación pública.</p>	<p>Si</p>	<p>En Rede Natura 2000 é obrigado por lexislación concorrente. O estudo de avaliación de impacto ambiental mencionase no artigo 67.6</p>
<p>Artigo 62. Supostos especiais de cambio de actividade</p>	<p>MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios</p>	<p>4. As forestacións incluídas no artigo 61.a), cando se realicen en solo rústico de especial protección agropecuaria, requirirán autorización da Administración forestal, previo informe preceptivo e vinculante da dirección xeral correspondente da consellería competente en materia agropecuaria. Consecuencia da eliminación do artigo 61.</p>	<p>Non</p>	<p>O cambio de actividade deberá estar limitado e regulado pero non totalmente prohibido</p>



Artigo 63. Ocupacións	Cámara Oficial Mineira de Galicia	<p>Pode ocorrer que por razón de concesións, autorizacións ou servidumes, sexan ou non forestais, sexa necesario impor ao propietario do monte un determinado uso ou acción. O presente artigo na súa redacción actual establece unha prohibición xenérica contraria a:</p> <p>1. Artigo 14.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia: "2. Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e na presente Lei haberá de ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico".</p> <p>2. Artigo 122 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas: "Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na lei de minas deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico".</p> <p>3. A xurisprudencia constitucional: Parece que o redactor deste precepto esquece que, como di a xurisprudencia constitucional, o mineiro é un "recurso cautivo", por canto sitúase onde a natureza púxoo e non pode cambiar de localización. Por iso, se existen recursos mineiros, haberá de deixarse aberta a vía para a súa susceptible explotación. Non parece que, como regra xeral establecer a prohibición sexa o máis adecuado. Neste sentido, cabe mencionar a doutrina do "caso a caso", establecida pola soada sentenza do Tribunal Constitucional 04.11.1982 núm. 56/1982, naquel suposto para dirimir a confrontación entre o interese público mineiro e o ambiental: "(...) convén fixar a atención no feito de que con arraxano ao artigo 128.1 da Constitución "toda riqueza do país nas súas distintas formas e fose cal fose a súa titularidade está subordinada ao interese xeral". Nunha das súas aplicacións, este precepto supón que non poden substraerse á riqueza do país recursos económicos que o Estado considere de interese xeral, aducindo outras finalidades, como a protección do medio ambiente. Trátase de novo de harmonizar a protección do medio ambiente coa explotación dos recursos económicos". "O que pode exporse en casos concretos é o conflito entre os dous intereses cuxa compaxinación propúgnase ao longo desta sentenza: a protección do medio ambiente e o desenvolvemento do sector económico mineiro. Iso supón ponderar en cada caso a importancia para a economía nacional da explotación mineira de que se trata e do dano que poida producir ao medio ambiente". Esta sentenza foi seguida doutra do propio Tribunal Constitucional, que con maior énfase aínda, proscribe a substracción de recursos mineiros á riqueza nacional, mesmo dentro do ámbito dos espazos naturais protexidos; sentenza 170/1989 de 19 de outubro: "Trátase de conciliar un suposto de concorrencia de Administracións, e iso deberá facerse atendendo aos seus respectivos títulos competenciais; (...) senón que deberá analizarse en cada caso se concorren no devandito lugar outros valores tamén constitucionalmente protexidos, dignos de tutela prevalente;". Nesta liña sentenciou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do contencioso-administrativo, sec. 3ª, S 22-12-2000, nº 1034/2000, rec. 7762/1997: "que non é outro que o de levar implícita a necesidade de ocupación dos bens a adquisición dos dereitos afectados, que obriga, suposto de existir oposición e concorrencia, como é o caso, de dous intereses públicos en xogo, un dos cales debe ser sacrificado, a pronunciarse sobre a compatibilidade dos aproveitamentos, e caso de incompatibilidade a decantarse por un ou outro e iso de forma motivada, ao estar interesado en ambos os casos o interese público, e é por iso, que ao non entendela así a Administración demandada que fixo caso omiso das alegacións e advertencias en tal sentido realizadas pola demandante no expediente administrativo, polo que procede anular a resolución recorrida, mantendo a validez do actuado con anterioridade ao seu ditado".</p>	Non	As ocupacións non autorizadas estarán prohibidas.
--------------------------	--------------------------------------	--	-----	---



Artigo 64. Medidas de restauración	Sociedade Galega de Historia Natural	Substituír: "... poderá, en caso necesario, establecer" por "establecerá" Engadir a obriga de rexeneración das cortas a feito e clarexos intensos	Si	Asemade a rexeneración tras corta aparece nos art. 83.c e Disp adic 4ª, entre outras
Artigo 64. Medidas de restauración	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	<i>Fruga:</i> A Administración forestal poderá, en caso necesario, establecer medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos, así como nos casos contemplados no artigo 65.2, apartados c) e d). A administración competente en materia de montes, elaborará o proxecto técnico, así como dará apoio técnico e axudas económicas. En caso de incumprimento, a consellería competente en materia de montes poderá executar subsidiariamente as devanditas medidas. Non pode ser que o titular que padeza o lume nas súas terras, logo teña que correr el só cos gastos de restauración. <i>MMVMC-CMVMC:</i> A Administración forestal poderá, en caso necesario, establecer medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos, así como nos casos contemplados no artigo 65.2, apartados c) e d). A administración competente en materia de montes, elaborará o proxecto técnico, así como dará apoio técnico e axudas económicas. En caso de incumprimento, a consellería competente en materia de montes poderá executar subsidiariamente as devanditas medidas. O titular que padeza o lume nas súas terras, logo teña que correr cos gastos de restauración sen axudas institucionais.	Non	O artigo 65.3 establece a posibilidade de ocupación e inmediata execución de actuacións pola Admón. Forestal (só no caso de existir situacións de emerxencia que así o xustifiquen).
Artigo 64. Medidas de restauración	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	A Administración forestal poderá, en caso necesario, establecer medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos, así como nos casos contemplados no artigo 65.2, apartados c) e d). A administración competente en materia de montes, elaborará o proxecto técnico, así como dará apoio técnico e axudas económicas. En caso de incumprimento, a consellería competente en materia de montes poderá executar subsidiariamente as devanditas medidas. Non pode ser que o titular que padeza o lume nas súas terras, logo teña que correr el só cos gastos de restauración.	Non	O artigo 65.3 establece a posibilidade de ocupación e inmediata execución de actuacións pola Admón. Forestal (só no caso de existir situacións de emerxencia que así o xustifiquen).



Artigo 65. Restauración hidrolóxico- forestal	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Deberíase establecer a obriga de manter a vexetación autóctona natural local aos 500 m periféricos á marxe de calquera curso de auga situado nun monte. Suporía un aumento considerable de corredores biolóxicos que non só contribuirá ao fomento da biodiversidade, senón que constituiría un auténtico e interseante entramado de barreiras verdes contra o lume e máis económicas e eficaces que a actual rede de pistas e devasas, ademais da constitución de parcelas que contribúan á conservación xenética das especies atlánticas afectadas polos cambios de condicións derivados do cambio climático. Deberíase engadir un artigo sobre a conservación hidrolóxica forestal que garanta a protección e conservación da calidade dos cursos de auga e da súa vexetación periférica dende o nacemento ata a súa desembocadura, abranguendo brañas, turbeiras, pastizais higrófilos e demais zonas húmidas que se creen ao seu carón. Nesas zonas será prioritaria a conservación e prevalecerá ante calquera uso. En todo caso, non se realizará repoboacións forestais nos 200 m próximos a calquera curso de auga, debendo ser estes considerados como auténticas áreas verdes contralumes e corredores biolóxicos.	Si, parcialmente	O artigo 67 dirixise a esa mesma liña, impedindo ditas repoboacións con especies do xénero Eucalyptus. A maior abundamento se regulan os artigos 93 e 126.
Artigo 65. Restauración hidrolóxico- forestal	Jesús de la Fuente Villar	1.Engadir en consonancia coa importancia establecida en 27.ñ), a recuperación de vieiros ecolóxicos con especies autóctonas que garantan a súa persistencia en función dos obxectivos pretendidos (diversidade, corredor, cortalume...). 2.Mencionar tamén os montes catalogados e os incluídos en Rede Natura, así como os que estean incluídos no Inventario Nacional de Hábitats (en diante INH) coma prioritarios.	Non	Non é necesario refirir á lexislación básica. Asemade tampouco é necesario mencionar ditos montes xa que independentemente da súa natureza, afeccións ou titularidade, serán obxecto deste artigo tódolos terreos forestais necesitados de actuacións en materia de restauración hidrolóxica-forestal.
Artigo 65. Restauración hidrolóxico- forestal	MMVMC Ponte Caldelas	1.Engadir en consonancia coa importancia establecida en 27.ñ), a recuperación de vieiros ecolóxicos con especies autóctonas que garantan a súa persistencia en función dos obxectivos pretendidos (diversidade, corredor, cortalume...). 2.Mencionar tamén os montes catalogados e os incluídos en Rede Natura, así como os que estean incluídos no Inventario Nacional de Hábitats (en diante INH) coma prioritarios.	Non	Non é necesario refirir á lexislación básica. Asemade tampouco é necesario mencionar ditos montes xa que independentemente da súa natureza, afeccións ou titularidade, serán obxecto deste artigo tódolos terreos forestais necesitados de actuacións en materia de restauración hidrolóxica-forestal.



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 65. Restauración hidrolóxico-forestal	Xosé Santos Otero	Planos de restauración e recuperación de zonas afectada por incendios forestais. Non apare recollido no borrador ningunha referencia polo que tendo en consideración a alta incidencia dos incenios forestais en Galicia consideramos que se debe incluír.	Si	Inclúe plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal para terreos que sufriran fenómenos que afectaran gravemente a cuberta vexetal
Artigo 65. Restauración hidrolóxico-forestal	Jesús Manuel Núñez Campelo	Planos de restauración e recuperación de zonas afectada por incendios forestais. Non apare recollido no borrador ningunha referencia polo que tendo en consideración a alta incidencia dos incenios forestais en Galicia consideramos que se debe incluír.	Si	Inclúe plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal para terreos que sufriran fenómenos que afectaran gravemente a cuberta vexetal
Artigo 65. Restauración hidrolóxico-forestal	Sociedade Galega de Historia Natural	Entre os fins da "restauración hidrolóxica-forestal" deberíase incluír "previr o deterioro, protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres e humedais que dependan de modo directo dos acuáticos en relación coas súas necesidades de auga"	Si, parcialmente	Engádense a "xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos"
Artigo 66. Informes aos instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico	Sociedade Galega de Historia Natural	O carácter vinculante debe ser para tódalas superficies forestais	Si	Engádense os terreos rústicos de especial protección forestal



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

Artigo 66. Informes aos instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	Os instrumentos de ordenación do territorio, as normas subsidiarias e complementarias de planeamento urbanístico, os plans xerais de ordenación municipal, os plans de sectorización e os plans especiais non previstos nos plans xerais, así como a modificación destes instrumentos, cando afecten a un monte ou terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. Dito informe terá carácter vinculante cando se trate de montes catalogados ou protectores e montes veciñais en man común. MMVMC-CMVMC: O monte veciñal é unha titularidade especial e como tal debe estar protexida	Non	Engádense os terreos rústicos de especial protección forestal, incluíndo aqueles que se atopan nos MVMC
Artigo 66. Informes aos instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	Os instrumentos de ordenación do territorio, as normas subsidiarias e complementarias de planeamento urbanístico, os plans xerais de ordenación municipal, os plans de sectorización e os plans especiais non previstos nos plans xerais, así como a modificación destes instrumentos, cando afecten a un monte ou terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. Dito informe terá carácter vinculante cando se trate de montes catalogados ou protectores e montes veciñais en man común. MMVMC-CMVMC: O monte veciñal é unha titularidade especial e como tal debe estar protexida	Non	Engádense os terreos rústicos de especial protección forestal, incluíndo aqueles que se atopan nos MVMC
Artigo 67. Condições que deben de cumprir as repoboacións forestais	Sociedade Galega de Historia Natural	3. As especies utilizables nos cultivos enerxéticos en territorio forestal determinaranse por Orden da consellería competente en materia de montes e nunca poderán ser especies catalogadas oficialmente como invasora ou potencialmente invasoras. Ademais, en canto aos cultivos enerxéticos, precisaríase definir en máis detalle as condicións de cultivo, xa non só en relación ás especies utilizables, senón tamén, por exemplo: requisitos, condicións de aproveitamento, etc.5. Que a autorización sexa para calquera superficie a repoboar con Eucalyptus e que inclúa a calquera outra especie.	Si, parcialmente	As condicións, requirimentos, limitacións dos cultivos enerxéticos son materia de desenvolvemento regulamentario (Orde)
Artigo 67. Condições que deben de cumprir as repoboacións forestais	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	1. Deberíase limitar a plantación de eucaliptos en pendentes de máis do 30%, nunca a menos de 500 m dun río, regato ou curso hídrico e en superficies maiores ás 100 ha. O requisito de avaliación de impacto ambiental debería establecerse a partir das 25 ha derogando o Decreto 81/1989, do 11 de maio. Debe ser necesario solicitar autorización para calquera plantación de especies alóctonas se estas se solapan con plantacións xa establecidas doutras especies alóctonas.	Si, parcialmente	As plantacións de Eucalyptus quedan prohibidas se se intercalaran con especies do Anexo I (maioría frondosas caducifolias) e necesitarán de autorización da Admón. Forestal a partir de 5 ha, sen perxuízo do disposto na normativa de avaliación ambiental aplicable.



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

Artigo 67. Condições que deben de cumprir as repoboacións forestais	Confederación Intersindical Galega (CIG)	<p>Prohibe a "... repoboación da Acacia e calquera outro sen aproveitamento comercial relevante que se determine mediante Orde...". Propomos que se modifique o texto de xeito que se teña en conta a prohibición da repoboación con especies invasoras que é o que as debe condicionar de xeito principal polo potencial dano sobre o ecosistema forestal e non só o seu aproveitamento comercial relevante xa que este pode cambiar en base ás melloras tecnolóxicas ou esixencias do mercado (exemplo Acacia sp., Eucaliptus sp, e algunhas especies do xénero Pinus).</p> <p>Propomos un novo punto neste artigo para unha mellor regulación das repoboacións de xeito que non haxa a posibilidade de que se formen grandes extensións de cultivos monoespecíficos, co risco que supón para a proliferación das pragas, así como para a propagación dos incendios forestais e a consecuente perda de biodiversidade.</p> <p>As repoboacións de máis de 5 ha que se fagan con especies da disposición adicional terceira da lei de incendios de Galicia, cando os predios colindantes sexan dalgunha especie das sinaladas, aínda que non coincidente coa a repoboar, farase unha franxa colindante de especies frondosas autóctonas que non será menor ao 15% da superficie total a repoboar ou tres veces a altura media da especie principal.</p> <p>8. Quedan prohibidas as repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos.</p>	Non	Crese suficiente as regulacións e autorizacións establecidas para as repoboacións forestais.
Artigo 67. Condições que deben de cumprir as repoboacións forestais	Grupo Naturalista Hábitat	<p>1. Debería especificarse se son reforestacións ou plantacións.</p> <p>4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero Eucaliptus Eucalyptus naquelas superficies poboadas por especies do Anexo I, incluso con posterioridade ó seu aproveitamento ou a súa afectación por un incendio forestal.</p>	Si, parcialmente	Eucalyptus. Regúlanse as reforestacións e novas plantacións (forestacións) - ambas incluídas no concepto de repoboación (ver definicións)
Artigo 67. Condições que deben de cumprir as repoboacións forestais	Jesús de la Fuente Villar	<p>2. Engadir o xénero Eucalyptus e calquera outro que se extenda sen control despois do paso dun incendio forestal nas zonas de influencia forestal definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais</p> <p>4. Engadir a prohibición de plantar eucaliptos nas zonas de fondo de valgada, entendendo esta como as bandas de 25 m a cada lado das correntes temporais ou permanentes, incluídos os 5 m da zona de servidume. Nestas zonas deben existir especies adaptadas ás condicións de proximidade ao medio fluvial.</p> <p>5. Engadir que será necesario autorización en calquera ampliación da superficie actualmente ocupada por eucalipto, se como resultado final da suma das superficies se superan as 5 ha de zona ocupada por eucalipto. Sería interesante suprimir o termo de nova plantación porque pode levar a confusión. Tamén sería interesante engadir que será necesario estudio de incidencia ambiental para o caso de superficie maior final de 10 ha, avaliación de efectos ambientais para superficies de máis de 25 ha, e avaliación de impacto ambiental no caso de superficies finais superiores ás 50 ha. Neste mesmo senso, estarase ao disposto no artigo 24 da Lei 30/2007, no referente ao tamaño máximo das teselas.</p>	Non	As plantacións de Eucalyptus quedan prohibidas se se intercalaran con especies do Anexo I (maioría frondosas caducifolias) e necesitarán de autorización da Admón. Forestal a partir de 5 ha, sen perxuízo do disposto na normativa de avaliación ambiental aplicable.



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 67. Condições que deben de cumprir as repoboacións forestais	MMVMC Ponte Caldelas	2. Engadir o xénero Eucalyptus e calquera outro que se extenda sen control despois do paso dun incendio forestal nas zonas de influencia forestal definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais. 4. Engadir a prohibición de plantar eucaliptos nas zonas de fondo de valgada, entendendo esta como as bandas de 25 m a cada lado das correntes temporais ou permanentes, incluídos os 5 m da zona de servidume. Nestas zonas deben existir especies adaptadas ás condicións de proximidade ao medio fluvial. 5. Engadir que será necesario autorización en calquera ampliación da superficie actualmente ocupada por eucalipto, se como resultado final da suma das superficies se superan as 5 ha de zona ocupada por eucalipto. Sería interesante suprimir o termo de nova plantación porque pode levar a confusión. Tamén sería interesante engadir que será necesario estudio de incidencia ambiental para o caso de superficie maior final de 10 ha, avaliación de efectos ambientais para superficies de máis de 25 ha, e avaliación de impacto ambiental no caso de superficies finais superiores ás 50 ha. Neste mesmo senso, estarase ao disposto no artigo 24 da Lei 30/2007, no referente ao tamaño máximo das teselas.	Non	As plantacións de Eucalyptus quedan prohibidas se se intercalaran con especies do Anexo I (maioría frondosas caducifolias) e necesitarán de autorización da Admón. Forestal a partir de 5 ha, sen perxuízo do disposto na normativa de avaliación ambiental aplicable.
Artigo 68. Distancias das repoboacións	Grupo Naturalista Hábitat	1. Debería especificarse se son reforestacións ou plantacións.	Si	Regúlanse as reforestacións e novas plantacións (forestacións) - ambas incluídas no concepto de repoboación (ver definicións)
Capítulo VIII. Organización da estrutura da propiedade forestal				
Artigo 69. Límites ás parcelacións, divisións ou segregacións	Asociación ecoloxista "Coto de Frade"	Con respecto á prohibición de non realizar segregacións en terreos forestais das que se obteñan como resultado parcelas cunha superficie menor de 15 ha, considerámola excesiva, no que a superficie se refire. Suxerimos que se rebaixe esta limitación a 5 ha ou inferior...	Non	Mantéñense as 15 ha, entendendo que este valor é necesario
Sección 2ª. Reorganización da propiedade de parcelas forestais				
Artigo 70. Concentración parcelaria en terreos forestais	AEFEMA	En consonancia co criterio seguido anteriormente débese proceder á substitución de "profesional con titulación universitaria de grao con atribucións en materia forestal" por "técnico competente" de acordo coa definición exposta na alegación CUARTA isto é titulados en Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal ou titulado universitario de grao ou posgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións. 2. Estas concentracións parcelarias estarán preferentemente vinculadas a figuras de agrupación da xestión forestal conxunta con personalidade xurídica, contando o equipo instrutor do procedemento con presenza dun profesional con titulación universitaria de grao con atribucións en materia forestal técnico competente.	Si	



Artigo 70. Concentración parcelaria en terreos forestais	Sociedade Galega de Historia Natural	3. Entre as condicións dos proxectos de concentración parcelaria en terreos forestais para obter axudas públicas deberían de incluírse: "O establecemento con claridade dos obxectivos que se pretende acadar coa concentración parcelaria: demográficos, en termos de fixación ou incremento da poboación rural, e de produtividade, en termos económicos e agrícolas". O cumprimento deste requisito é máis imprescindible que nunca tendo en conta a situación actual de grave crise económica e déficit público que está a obrigar a medidas excepcionais para o control do gasto público. A exclusión dos terreos con pendente superior ao 50%.	Si, parcialmente	Establécense requirimentos concretos, entre outros; agrupacións con personalidade xurídica, mínimo de 15 ha, cun instrumento de ordenación ou xestión forestal.
Título III. Da planificación e da xestión forestal sostible	Sociedade Galega de Historia Natural	En todo o título bótase en falta o carácter de sostible, a incardinación da planificación coa protección do monte e da súa biodiversidade natural, etc. e incluír informe dos organismos competentes en conservación da natureza. Baste sinalar coma exemplos os aspectos indicados nas alegacións, comentarios e suxerencias aos artigos 72 a 84.	Non	Discrépase, ver artigos 72.4, 75.1, 76.2 e 81.3
Capítulo I. Da planificación forestal				
Artigo 71. Instrumentos de planificación forestal				
Artigo 72. Plan Forestal de Galicia	Sociedade Galega de Historia Natural	3. Non se inclúe o informe favorable da autoridade competente en materia de conservación da natureza, que debería ser obrigatorio e vinculante.	Si, parcialmente	Apartado 72.4 refire que serán consultados os axentes institucionais involucrados



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

Artigo 72. Plan Forestal de Galicia	Confederación Intersindical Galega (CIG)	<p>Faltan pezas clave da planificación como é o Inventario forestal de Galicia que debe ser, ademais dunha fonte de datos da realidade forestal galega, tamén unha fonte de información que permita tomar decisións respecto das posibles desviacións negativas que se detecten respecto do establecido na Estratexia Galega de Xestión.</p> <p>Tamén cómpre adaptarnos á realidade da morfoloxía e características bioclimáticas da nación galega polo que é fundamental trazar a Estratexia Galega de Xestión Sustentábel onde se establecerán os fitos que debemos percorrer para a consecución do modelo de monte, logo a ferramenta para a súa consecución será o Plan Forestal de Galicia e, aínda que neste título dáselle unha grande importancia ao Plan Forestal de Galicia, refírese ao actual sen propor os termos para a elaboración dun novo. Require unha avaliación profunda e modificación xa que non deu resposta adecuada a unha xestión forestal sostible e non responde aos requirimentos ambientais e forestais que se teñen a día de hoxe. Cuestións como a proliferación de enfermidades e pragas dalgunha das especies sinaladas como prioritarias, tratamentos silvícolas demasiado custosos, a devaluación económica dos seus produtos do monte, así como a actual perda de biodiversidade dos nosos montes como resultado dos incendios forestais e das grandes infraestruturas... cómpre traballar primeiramente cara un novo Plan Forestal. Polo que propomos que no artigo 72 se estableza un prazo o máis curto posible para a realización dun novo Plan Forestal.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O Plan Forestal de Galicia é o instrumento básico de referencia da política forestal galega a longo prazo, no que se avalía a situación do monte galego e no que se diseña e se establecen as directrices, programas, medios, investimentos, fontes de financiamento e fases de execución da política forestal así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento. 2. O Plan Forestal de Galicia desenvolverá a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel, que tamén se terá en conta nas revisións e modificacións do devandito Plan. 3. O Plan Forestal de Galicia terá unha vixencia de 20 anos e poderá ser revisado previamente á finalización da súa vixencia segundo os mecanismos establecidos no devandito Plan. <p>Artigo ... Contido o Plan Forestal de Galicia contido básico do Plan Forestal de Galicia comprenderá as accións seguintes...</p>	Si, parcialmente	Engádense novos apartados (4-7)
Artigo 73. Eficacia vinculante do Plan Forestal de Galicia	Jesús de la Fuente Villar	Sería bo establecer a necesidade de revisión do Plan Forestal do ano 1992, xa obsoleto.	Si, parcialmente	Engádense novos apartados (4-7)
Artigo 73. Eficacia vinculante do Plan Forestal de Galicia	MMVMC Ponte Caldelas	Sería bo establecer a necesidade de revisión do Plan Forestal do ano 1992, xa obsoleto.	Si, parcialmente	Engádense novos apartados (4-7)
Artigo 74. Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF)				



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

Artigo 75. Procedemento de elaboración e aprobación dos PORF	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. Os PORF serán aprobados polo Consello da Xunta mediante decreto, tras a consulta ao consello forestal, aos representantes das comunidades de montes, do sector monte, das entidades locais, e de outros colectivos usuarios con interese no monte. A aprobación de estes plans incluírá o trámite de información pública que durará entre 1 e 2 meses. <i>MMVMC-CMVMC (2) e MMVMC PC</i> : Non se pode furtar a participación cidadá.	Si	
Artigo 75. Procedemento de elaboración e aprobación dos PORF	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. Os PORF serán aprobados polo Consello da Xunta mediante decreto, tras a consulta ao consello forestal, aos representantes das comunidades de montes, do sector monte, das entidades locais, e de outros colectivos usuarios con interese no monte. A aprobación de estes plans incluírá o trámite de información pública que durará entre 1 e 2 meses. <i>Fruga</i> : Con esta proposta o que se pretende é favorecer a participación cidadá. <i>MMVMC-CMVMC</i> : Os PORF serán instrumentos esenciais da política de montes a longo prazo. É indispensable que sexan aprobados co maior consenso. <i>CMVMC VINCIOS</i> :3. Todos os proxectos que se queiran levar a cabo no monte deberán ser aprobados polas administracións competentes, previa consulta aos propietarios do mesmo. Non se pode furtar a participación cidadá.	Si	
Artigo 76. Contido dos plans	Sociedade Galega de Historia Natural	Podería interpretarse que está “difusamente” contemplado no texto, pero semella imprescindible que no contido mínimo dos PORF se inclúa unha avaliación das posibles afeccións a hábitats de interese ou de conservación prioritaria na UE, así como a hábitats de especies consideradas como vulnerables ou en perigo de extinción nos catálogos galego e nacional de especies ameazadas.	Si, parcialmente	A través do apartado 76.2, e por aplicación do artigo 31.8 da Lei 43/2003
Artigo 76. Contido dos plans	Cámara Oficial Mineira de Galicia	c). Descrición e análise dos montes e as paisaxes existentes nese territorio, os seus usos e aproveitamentos actuais, en particular os usos tradicionais, así como as figuras de protección existentes, incluíndo as vías pecuarias e os recursos xeolóxicos. Será necesario consultar o rexistro de dereitos mineiros. A elaboración dun plan de ordenación forestal, efectivamente, debe contemplar e contar cos usos do monte, pero tamén cos futuros ou posibles usos do mesmo, por iso, considérase conveniente que nos devanditos plans consúltese preceptivamente o rexistro de dereitos mineiros de Galicia e, considérese o mapa xeolóxico da zona.	Non	Basease no artigo 31 da Lei básica de montes 43/2003
Capítulo II. Da ordenación do montes				



Artigo 77. Da ordenación dos montes	Sociedade Galega de Historia Natural	Debería comezar igual que os artigos 32.1 e 32.2 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. 1. A ordenación de montes ten como finalidade a conservación, mellora e protección dos recursos forestais, o seu rendemento sostido sostible e a máxima obtención global de utilidades. Estes fins deben contribuír ao desenvolvemento rural, á xeración de rendas, á fixación da poboación, á calidade paisaxística e ao mantemento da biodiversidade. A expresión "máxima obtención de utilidades" resulta ambigua e debera estar sempre condicionada ao mantemento dos recursos (principalmente ambientais) no tempo, integrando con eles as actividades económicas e recreativas, e así debera reflectirse na lei. 5. As propiedades particulares de superficie forestal inferior a 25 5 hectáreas poderán dotarse dun instrumento de xestión forestal, específico para as súas propiedades, dun instrumento de xestión forestal conxunto para distintos propietarios ou ben, ao través da súa adhesión expresa aos modelos de xestión silvícola segundo especies ou formacións forestais incluídos nos PORF.	Si, parcialmente	Ver modificacións
Artigo 78. Das instrucións xerais para a ordenación de montes e as súas categorías	Asociación ecoloxista "Coto de Frade"	Solicitamos que se defina en qué condicións se teñen que realizar as plantación para que cumpran co concepto de sostibles largamente mencionado ao longo deste documento.	Si	A través das Instrucións xerais para a ordenación de montes e dos modelos silvícolas defínense condicións e directrices para plantacións así como para o resto de actuacións forestais na procura do cumprimento da sostibilidade. Ver artigos 67-68.
Artigo 78. Das instrucións xerais para a ordenación de montes e as súas categorías	Sociedade Galega de Historia Natural	1.Debería incluír tamén á autoridade competente en conservación da natureza.2.Debería contemplar especificamente a necesidade do establecemento de corredores verdes (no senso do art. 34.5 da Lei de montes estatal).	Si, parcialmente	O presente articulado non contravén o artigo 34.5 da Lei 10/2006 e deberá ser recollido nas Instrucións xerais para a ordenación de montes
Artigo 78. Das instrucións xerais para a ordenación de montes e as súas categorías	Confederación Intersindical Galega (CIG)	Compre un artigo que faga referencia aos corredores ecolóxicos garantindo a súa protección e potenciando a súa formación ao abeiro da Lei 42/2007 de Protección do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. É dicir que garanta unha superficie arborizada continua de especies autóctonas...	Si, parcialmente	O presente articulado non contravén o artigo 34.5 da Lei 10/2006 e deberá ser recollido nas Instrucións xerais para a ordenación de montes



Artigo 79. Dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal: categorías	AEFEMA	No artigo 79 do borrador débese especificar no apartado c) que os documentos conxuntos de xestión non poden nunca substituír aos anteriores instrumentos de ordenación e definir máis concretamente as súas limitacións superficiais máximas xa que o documento conxunto de xestión ten unha descrición un tanto particular, posto que o poderían realizar, por exemplo..., todos os montes dun Distrito integrados dentro dunha entidade, agrupación ou asociación forestal. Resulta un tanto estrano que non se marquen limitacións superficiais máximas. Preténdese con iso deixar de facer plans de Ordenación e tender a outro tipo de proxectos.	Si, parcialmente	Ver nova redacción
Artigo 80. Elaboración dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal	AEFEMA	En consonancia co criterio seguido anteriormente debe substituírse “profesional con titulación universitaria de grao en materia forestal” por “técnico competente” de acordo coa definición exposta na alegación CUARTA, isto son titulados en Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal ou titulado universitario de grao ou posgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións. 2. Os instrumentos de ordenación ou xestión forestal redactaranse por profesionais cunha titulación universitaria de grao en materia forestal técnico competente, seguindo as Instrucións Xerais de Ordenación de Montes aprobadas pola Administración forestal.	Si	
Artigo 81. Aprobación e efectos dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal				
Artigo 82. Modificación e revisión dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal				
Artigo 83. Incumprimento do instrumento de ordenación ou xestión forestal	Sociedade Galega de Historia Natural	Tamén debería entenderse como “incumprimento grave” do instrumento de xestión forestal a afectación a hábitats de interese ou de conservación prioritaria na UE, así como a hábitats de especies consideradas como vulnerables ou en perigo de extinción nos catálogos galego e nacional de especies ameazadas.	Non	Non é un incumprimento, senón unha infracción tipificada na actual lexislación en materia de conservación da natureza



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 83. Incumprimento do instrumento de ordenación ou xestión forestal	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC VINCOS	Entenderase por incumprimento inxustificadamente reiterado cando dito incumprimento se repita nun prazo de dous anos de forma non motivada. O mesmo será de aplicación á Administración competente en materia de montes, no caso dos montes veciñais consorciados ou conveniados". <i>Fruga:</i> Todos os cidadáns somos iguais ante a lei. <i>MMVMC-CMVMC:</i> Non se debe admitir que a administración poida incumprir o que obriga a cumprir aos cidadáns.	Si, parcialmente	A Admón forestal deberá cumprir co proxecto de ordenación, asemade en aras dunha maior transparencia se esixirá dispor da certificación forestal nos terreos xestionados por ela (ver artigo 123).
Artigo 83. Incumprimento do instrumento de ordenación ou xestión forestal	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Caldelas	Entenderase por incumprimento inxustificadamente reiterado cando dito incumprimento se repita nun prazo de dous anos de forma non motivada.O mesmo será de aplicación á Administración competente en materia de montes, no caso dos montes veciñais consorciados ou conveniados". <i>CMVMC e MMVMC PC:</i> Todos os cidadáns somos iguais ante a lei. <i>MMVMC PC:</i> Entenderase por incumprimento inxustificadamente reiterado cando dito incumprimento se repita nun prazo de dous anos de forma non motivada . Pois un incumprimento inxustificadamente non reiterado xa o é por definición.	Si, parcialmente	A Admón forestal deberá cumprir co proxecto de ordenación, asemade en aras dunha maior transparencia se esixirá dispor da certificación forestal (ver artigo 123).Para evitar a indefensión, no caso de baixa, será necesario abrir procedemento dándolle posibilidade ao xestor de motivar as causas que xustificaron o incumprimento reiterado. Ver nova redacción.
Artigo 83. Incumprimento do instrumento de ordenación ou xestión forestal	Jesús de la Fuente Villar	Entenderase por incumprimento inxustificadamente reiterado cando dito incumprimento se repita nun prazo de dous anos de forma non motivada . Pois un incumprimento inxustificadamente non reiterado xa o é por definición.	Non	Para evitar a indefensión, no caso de baixa, será necesario abrir procedemento dándolle posibilidade ao xestor de motivar as causas que xustificaron o incumprimento reiterado. Ver nova redacción.
Título IV. Recursos forestais				
Capítulo I. Principios				



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 84. Dos produtos do monte	Sociedade Galega de Historia Natural	1.A biomasa defínese (segundo o dicionario da RAE) como: “a materia total dos seres vivos que viven nin lugar determinado” e a fauna e o ser humano son seres vivos e polo tanto biomasa, e non son obxecto forestal. Debería retirarse a palabra “biomasa” ou completarse o termo con “vexetal”. 2.O borrador da lei parece esquecer o medio natural e non pode facelo polo que debería redactar da seguinte maneira: 2. Os aproveitamentos forestais dos montes faranse sempre harmonizando a utilización racional dos mesmos cunha axeitada conservación e mellora do medio forestal e do medio natural, e precurando imprescindibles para o desenvolvemento do rural e a fixación da de poboación.	Si, parcialmente	Defínese biomasa forestal (art. 8). Ademais ampliase o título do artigo (productos e servizos) ver nova redacción.
Artigo 84. Dos produtos do monte	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1.Substituír o texto deste punto polo texto da achega presentada ao artigo 8.	Si, parcialmente	Ampliase o título do artigo (productos e servizos) cunha nova redacción.
Artigo 84. Dos produtos do monte	MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	1. O propietario do monte é o titular dos recursos forestais que nel se producen incluíndo, entre outros, a madeira, biomasa, os pastos, cogomelos, froitos, cortizas, resinas, plantas aromáticas e medicinais, e ten dereito ao seu aproveitamento, que se realizará con suxeición ás prescricións da presente Lei e as disposicións que a desenvolvan.Explicación: A mesma da emenda xeral primeira.	Non	O forestal non é un aspecto do monte, a súa definición está regulada no artigo 8 e provén literalmente do artigo 6 da Lei 43/2003 básica de montes "Forestal: todo aquilo relativo aos montes".
Artigo 84. Dos produtos do monte	Jesús de la Fuente Villar	1. O propietario do monte é o titular dos recursos forestais que nel se producen incluíndo, entre outros, a madeira, biomasa, os pastos, cogomelos, froitos, cortizas, resinas, plantas aromáticas e medicinais, e ten dereito ao seu aproveitamento, que se realizará con suxeición ás prescricións da presente Lei e as disposicións que a desenvolvan e ao instrumento de xestión correspondente. Sería enriquecedor cambiar o final.	Non	Enténdese que non é necesario.



Capítulo II. Dos produtos non madeirables e servizos do monte	AEFEMA	No Capítulo II do borrador titulado “Dos produtos non madeirables e servizos do monte” debe significarse que non se inclúen os Aproveitamentos Piscícolas e que se deberían de incluír no capítulo de produtos non madeirables ao igual que os aproveitamentos cinexéticos (artigo 87 do mesmo capítulo).	Non	O Dominio público hidráulico non é terreo forestal a teor do artigo 2.2.c).
Capítulo II. Dos produtos non madeirables e servizos do monte	Sociedade Galega de Historia Natural	Tería que establecerse unha figura que regule os cultivos enerxéticos nos montes, tal e como existen tamén os plans de aproveitamento dos recursos madeirables, o rexistro de terreos forestais de pastoreo, os plans de ordenación cinexética, etc.	Si	Ver definición artigo 8 e Sistema rexistral artigo 126
Artigo 85. Pastos, caza, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, cortizas, resinas e outros produtos forestais	Fruga	Os propietarios de montes teñen dereito ao acoutamento das súas propiedades orientado á viabilidade e ao mellor aproveitamento de pastos, cogomelos, castañas, plantas aromáticas ou medicinais, cortizas, resinas e outros produtos que puideran constituír unha fonte de rendas para o propietario, nas condicións que se determinen mediante Orde da consellería competente en materia de montes. Por ser algo obvio.	Non	Crese conveniente nomear o Departamento encargado de ditas regulacións.
Artigo 85. Pastos, caza, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, cortizas, resinas e outros produtos forestais	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	Os propietarios de montes teñen dereito ao acoutamento das súas propiedades orientado á viabilidade e ao mellor aproveitamento de pastos, cogomelos, castañas, plantas aromáticas ou medicinais, cortizas, resinas e outros produtos que puideran constituír unha fonte de rendas para o propietario, nas condicións que se determinen mediante Orde da consellería competente en materia de montes. Por ser algo obvio. <i>MMVMC Ponte Caldelas:</i> Engadir que nun prazo de 2 anos a partir da entregada en vigor desta Lei, regularanse os aproveitamentos de cortiza de sobreira, castañas e cogomelos, poidendo tamén regular outros que se considere de interese. O apartado 5 debería ser máis sencillo; non se entende ben.	Non	Crese conveniente nomear o Departamento encargado de ditas regulacións. Non existe o apartado 5.



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 85. Pastos, caza, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, cortizas, resinas e outros produtos forestais	Jesús de la Fuente Villar	Engadir que nun prazo de 2 anos a partir da entregada en vigor desta Lei, regularanse os aproveitamentos de cortiza de sobreira, castañas e cogomelos, poidendo tamén regular outros que se considere de interese.O apartado 5 debería ser máis sencillo; non se entende ben.	Non	Non existe concreción de prazos para a regulación de aproveitamentos madeirables e non madeirables no texto.Non existe apartado 5.
Artigo 86. Pastoreo	AEFEMA	No artigo 86 do borrador é necesario incluír un apartado no que se deixe clara a prohibición do pastoreo durante os cinco primeiros anos posteriores á realización dunha plantación.	Si, parcialmente	Dita prohibición ou regulación, en aras de asegurar a persistencia do arborado, deberá aparecer reflectida no correspondente instrumento de ordenación ou xestión forestal. Ver tamén Disposición transitoria 6ª apartado 3.
Artigo 86. Pastoreo	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Todos aqueles terreos que se inscriban no Rexistro público de terreos forestais de pastoreo deberían presentar un estudo sobre a carga gandeira acorde cos criterios ecolóxicos da redonda na que se pretende realizar dito aproveitamento e unha listaxe de zonas sensibles ao pastoreo nesos terreos para que na medida do posible se regule ou se restrinxa o acceso do gando a elas. En zonas de Rede Natura 2000, a carga gandeira adecuarase despois da realización de estudos correspondentes sobre afeccións dos elementos prioritarios de conservación e os procesos naturais que se derivan da súa existencia e polos cales se estableceu a protección do espazo en cuestión. Todas as restricións nos documentos anteriores deberán ser asimiladas polo documento de xestión do monte en cuestión.	Si, parcialmente	O Plan de aproveitamento e mellora pascícola deberá conterse no instrumento de ordenación ou xestión forestal (punto 2), o cal de afectar a zonas Rede Natura 2000 deberá contar con informe preceptivo do órgano competente en materia de conservación da natureza (artigo 81.3). Ver tamén Disposición transitoria 6ª apartado 3.
Artigo 86. Pastoreo	Sociedade Galega de Historia Natural	A Lei debería establecer a obrigatoriedade para calquera aproveitamento de pastoreo, así como a presentación dun Plan Silvopastoril de xestión, dando un prazo máximo de adaptación aos preexistentes de dous anos dende a publicación da Lei de montes de Galicia. Con carácter xeral debería establecerse como carga gandeira máxima a de 2,5 UGM/ha recomendada pola UE.	Si, parcialmente	O Plan de aproveitamento e mellora pascícola deberá conterse no instrumento de ordenación ou xestión forestal (punto 2). Ver tamén Disposición transitoria 6ª apartado 3.



<p>Artigo 86. Pastoreo</p>	<p>Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios</p>	<p><i>Fruga:</i> 2. O aproveitamento de pastos polo gando en terreos forestais é un aproveitamento forestal segundo o establecido nesta Lei e, a súa practica, levarase a cabo consonte ao establecido no instrumento de ordenación ou xestión ou, no seu defecto, de conformidade cos condicionantes incluídos no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo. A inclusión de parcelas dedicadas a pasto, leva consigo a definición de estas parcelas como pastos e poderán ser tidas en conta para determinar a carga gandeira de quen este aproveitando distos pastos. O aproveitamento de pastos realizarase de xeito compatible e respectuoso coa conservación do potencial produtivo do monte e as actuacións de rexeneración do arborado. Isto pode axudar a superar indefinicións dos usos do monte entre as diversas administracións, así como favorecer acordos entre titulares destas superficies e os titulares de gando.</p> <p><i>CMVMC:</i> 2. O aproveitamento de pastos polo gando en terreos forestais é un aproveitamento forestal segundo o establecido nesta Lei e, a súa practica, levarase a cabo consonte ao establecido no instrumento de ordenación ou xestión ou, no seu defecto, de conformidade cos condicionantes incluídos no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo. A inclusión de parcelas dedicadas a pasto, leva consigo a definición de estas parcelas como pastos arbustivos ou rodais de aproveitamentos silvopastorís. O aproveitamento de pastos realizarase de xeito compatible e respectuoso coa conservación do potencial produtivo do monte e as actuacións de rexeneración do arborado. Isto pode axudar a superar indefinicións dos usos do monte entre as diversas administracións, así como favorecer acordos entre titulares destas superficies e os titulares de gando.</p> <p><i>Fruga e CMVMC:</i> 7. A consellería competente en materia de montes establecerá canles de colaboración cos concellos para a realización dos labores establecidas nos apartados anteriores. Mentras non haxa os convenios de colaboración cos concellos, a competencia para retirar o gando non identificado, nin autorizado, correspóndelle a Consellería do Medio Rural. A día de hoxe, e aplicando unha lei de principios do século pasado, xa son os concellos os responsables de retirar este gando. E todos sabemos o resultado que dá.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>O Plan de aproveitamento e mellora pascícola deberá conterse no instrumento de ordenación ou xestión forestal (punto 2). Os canles de colaboración cos concellos para a realización das labores establecidas (puntos 4,5 e 6) se reflicten no punto 7. Asemade é Admón. forestal a competente de aplicar os puntos 4 e 5 no caso de tratarse de montes da súa titularidade ou baixo un contrato temporal de xestión pública (punto 8). Ver tamén Disposición transitoria 6ª apartado 3.</p>
<p>Artigo 86. Pastoreo</p>	<p>Jesús de la Fuente Villar</p>	<p>1.En relación ao pastoreo nas CMVMC, sería interesante un trato separado na Lei: en caso de aprobación do pastoreo nunha CMVMC, será necesaria a confección dun plan de xestión do gando que se incluírá no instrumento de xestión do monte, tendo que ser compatible co resto dos usos que se establezan neste.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>O Plan de aproveitamento e mellora pascícola deberá conterse no instrumento de ordenación ou xestión forestal (punto 2). Ver tamén Disposición transitoria 6ª apartado 3.</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 86. Pastoreo	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	<p><i>MMVMC Ponte Caldela:</i></p> <p>1. En relación ao pastoreo nas CMVMC, sería interesante un trato separado na Lei: en caso de aprobación do pastoreo nunha CMVMC, será necesaria a confección dun plan de xestión do gando que se incluírá no instrumento de xestión do monte, tendo que ser compatible co resto dos usos que se establezan neste.</p> <p><i>CMVMC e MMVMC PC:</i></p> <p>2. O aproveitamento de pastos polo gando en terreos forestais é un aproveitamento forestal segundo o establecido nesta Lei e, a súa práctica, levarase a cabo consonte ao establecido no instrumento de ordenación ou xestión ou, no seu defecto, de conformidade cos condicionantes incluídos no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo. A inclusión de parcelas dedicadas a pasto, leva consigo a definición de estas parcelas como pastos arbustivos ou rodais de aproveitamentos silvopastorís. O aproveitamento de pastos realizarase de xeito compatible e respectuoso coa conservación do potencial produtivo do monte e as actuacións de rexeneración do arborado.</p> <p>Isto pode axudar a superar indefinicións dos usos do monte entre as diversas administracións, así como favorecer acordos entre titulares destas superficies e os titulares de gando.</p> <p>7. A consellería competente en materia de montes establecerá canles de colaboración cos concellos para a realización dos labores establecidas nos apartados anteriores. Mentras non haxa os convenios de colaboración cos concellos, a competencia para retirar o gando non identificado, nin autorizado, correspóndelle a Consellería do Medio Rural.</p> <p>A día de hoxe, e aplicando unha lei de principios do século pasado, xa son os concellos os responsables de retirar este gando. E todos sabemos o resultado que dá.</p>	Si, parcialmente	O Plan de aproveitamento e mellora pascícola deberá conterse no instrumento de ordenación ou xestión forestal (punto 2). Os canles de colaboración cos concellos para a realización das labores establecidas (puntos 4,5 e 6) se reflicten no punto 7. Asemade é Admón. forestal a competente de aplicar os puntos 4 e 5 no caso de tratarse de montes da súa titularidade ou baixo un contrato temporal de xestión pública (punto 8). Ver tamén Disposición transitoria 6ª apartado 3.
Artigo 86. Pastoreo	Confederación Intersindical Galega (CIG)	<p>Débase obrigar á identificación clara e visible a certa distancia para posibilitar a vixilancia e control dos animais que pastorean por predios forestais co gallego de identificar aos seus propietarios, en especial no gando vacún e cabalar. Polo que propomos un novo punto neste senso.</p> <p>A xestión e administración do gando que deambule nas zonas forestais sen identificación ou sen autorización por parte do propietario non debera ser dos concellos que na súa maioría carecen dos medios e recursos necesarios. Isto vai facer que na práctica ninguén se encargue de retirar estes animais aumentando a conflitividade polos usos como xa indicamos con anterioridade.</p> <p>Esta competencia debera ser da administración forestal en colaboración daquela competente en sanidade animal e gandería. Polo que a vixilancia, control, xestión e retirada farase polos axentes e persoal propio da Xunta de Galicia sen prexuízo das accións que lle correspondan aos propietarios dos montes. Neste sentido modificaranse os puntos 4 e 5 do artigo 86.</p>	Si, parcialmente	Ver modificacións
Artigo 87. Aproveitamentos cinexéticos	UNITEGA	3. Os instrumentos de ordenación ou xestión que aprobe a Administración forestal deberán ter en conta as planificacións de melloras de hábitat contidas nos plans de ordenación cinexética vixentes, para os efectos de conseguir unha mellor xestión de aproveitamento forestal que é a caza.	Non	Aparece regulado no 77.3 (art. 84/85) e especialmente no 81.3



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 87. Aproveitamentos cinexéticos	Jesús de la Fuente Villar	3. O plan de ordenación cinexética que afecte a un monte ordeado, amoldarase ao establecido no instrumento de xestión do monte. En caso de que así o aprobe a administración forestal e o titular do monte poderán realizarse as modificacións do instrumento de xestión á vista do plan de ordenación cinexética.	Si, parcialmente	Os POC serán obxecto de informe preceptivo do órgano forestal para os terreos ordenados (punto 2). Calquera xestor ou propietario poderá realizar a modificación do instrumento de xestión ou ordenación (ver artigo 82).
Artigo 87. Aproveitamentos cinexéticos	MMVMC Ponte Caldelas	3. O plan de ordenación cinexética que afecte a un monte ordeado, amoldarase ao establecido no instrumento de xestión do monte. En caso de que así o aprobe a administración forestal e o titular do monte poderán realizarse as modificacións do instrumento de xestión á vista do plan de ordenación cinexética.	Si, parcialmente	Os POC serán obxecto de informe preceptivo do órgano forestal para os terreos ordenados (punto 2). Calquera xestor ou propietario poderá realizar a modificación do instrumento de xestión ou ordenación (ver artigo 82).
Artigo 88. Servizos do monte	Sociedade Galega de Historia Natural	2. A celebración de actos, incluíndo os deportivos a motor, que leven consigo unha afluencia de público indeterminada, estará suxeita ao disposto no correspondente instrumento obrigatorio de ordenación ou xestión cando teñan carácter tradicional e periódico. En ausencia de devandito instrumento ou cando Cando teñan carácter ocasional, solicitarase a autorización da Administración forestal polo promotor do acto, que deberá acreditar a autorización expresa dos propietarios de todos os terreos afectados. O promotor será o responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poida producirse. En calquera caso deberá contar co informe favorable da autoridade competente en materia de conservación da natureza.	Si, parcialmente	A obrigatoriedade márcaa o artigo 77, e ver 3º parágrafo 88.2 e artigo 98.3



<p>Artigo 88. Servizos do monte</p>	<p>Sindicato Nacional de CCOO de Galicia</p>	<p>Artigos 88, 98 e 127.22 relacionados coa circulación de vehículos a motor no monte a á celebración de actividades relacionadas con este ámbito. Estase a contravir o disposto nas normas de rango superior (Leis estatais 43/2003 e 10/2006) ao permitir o acceso e circulación con vehículos a motor cando nas normas de carácter estatal as prohibe. Precisamente unha das actividades que está máis en auge e que provoca máis danos ao medio natural e a moitas propiedades privadas e públicas, así como ás infraestruturas do monte e incluso á seguridade das persoas que transitan polo mesmo, son as prácticas deportivas con vehículos a motor non organizadas, e especialmente as relacionados con todoterreos, as motos de enduro e os quads. É por isto que parece conveniente regular na media do posible este tipo de actividades, propoñendo a redacción do seguinte texto: Artigo 88bis. Acceso público. 1. A circulación con vehículos a motor por pistas forestais situadas fóra da rede de estradas quedará limitada á servidumes de paso que houbera lugar, á xestión agroforestal e ás labores de vixilancia e extinción das administracións públicas competentes. Excepcionalmente, poderá autorizarse pola Administración forestal o tránsito aberto motorizado cando se comprobe a adecuación do vial, a correcta sinalización do acceso, a aceptación polos titulares, a asunción do mantemento e da responsabilidade civil. 2. O acceso de persoas alleas á vixilancia, extinción e xestión poderá limitarse nas zonas de alto risco previstas no artigo da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e cando o Índice de Risco De Incendios (IRDI) así o aconselle, facéndose público este extremo de forma fidedigna.</p>	<p>Si</p>	<p>Modifícase o artigo 98 incluíndo o artigo 54 bis da Lei 43/2003 de montes.</p>
<p>Artigo 88. Servizos do monte</p>	<p>Jesús de la Fuente Villar</p>	<p>Sería bo facer un recoñecemento aos servizos á sociedade do monte (sumidoiros de carbono, aire, paisaxe, auga, conservación do solo, diversidade, ...), polo que a administración poderá establecer bonificacións aos propietarios dos montes que estean ordeados e correctamente xestionados dende un punto de vista de sostibilidade, por medio facilidade de acceso a axudas, descontos nos impostos ou outros que se establezan regulamentariamente. 2. Podería engadirse que nas concesións de autorizacións de actos con afluencia de público ao monte, terase en conta a existencia de seguros ou depósitos de fianzas no concello correspondente ou no fondo de melloras, de tratarse de monte de xestión pública, para que poidan garantir a reposición ao estado orixinal do monte no caso de existiren danos.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Dita prioridade ven marcada no artigo 121 (modificado). Os promotores deberán dispor dun seguro, en materia de responsabilidade civil, co fin de farcer fronte a esixencia legal disposta no artigo 88.2. en cumprimento artigo 54 bis da Lei 43/2003 (ver artigo 98).</p>
<p>Artigo 88. Servizos do monte</p>	<p>MMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>Sería bo facer un recoñecemento aos servizos á sociedade do monte (sumidoiros de carbono, aire, paisaxe, auga, conservación do solo, diversidade, ...), polo que a administración poderá establecer bonificacións aos propietarios dos montes que estean ordeados e correctamente xestionados dende un punto de vista de sostibilidade, por medio facilidade de acceso a axudas, descontos nos impostos ou outros que se establezan regulamentariamente. 2. Podería engadirse que nas concesións de autorizacións de actos con afluencia de público ao monte, terase en conta a existencia de seguros ou depósitos de fianzas no concello correspondente ou no fondo de melloras, de tratarse de monte de xestión pública, para que poidan garantir a reposición ao estado orixinal do monte no caso de existiren danos.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Dita prioridade ven marcada no artigo 121 (modificado). Os promotores deberán dispor dun seguro, en materia de responsabilidade civil, co fin de farcer fronte a esixencia legal, disposta no artigo 88.2., en cumprimento artigo 54 bis da Lei 43/2003 (ver artigo 98).</p>



Artigo 88. Servizos do monte	AEFEMA	2.Considérase excesivo o prazo de tres meses establecido no artigo 88 do borrador para outorgar as autorizacións.	Non	É necesario a fin de que a Admón. Forestal recabe os informes necesarios para emitir unha resolución, en calquera caso debéndose facer esta, cun mínimo dun mes de antelación á celebración do evento co fin de non producir danos e perxuizos aos solicitantes.
Artigo 88. Servizos do monte	Confederación Intersindical Galega (CIG)	3. Deberanse manter os montes limpos de residuos, quedando prohibido o verquido non autorizado ou o abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais. Toda persoa será responsable da recollida e retirada dos que orixine. 3. No caso de que se vertan ou abandonen residuos ao monte por mor da realización de actividades previstas no punto 2, o responsable será quen os orixine e subsidiariamente a persoa/as promotoras da actividade. No caso de que a actividade se realizase sen os oportunos permisos o propietario/a do monte terá esa responsabilidade. De cara á eliminación do risco potencial de incendios forestais que pode supor o abandono de certo tipo de residuos no monte propomos engadir un novo punto para que a administración forestal poderá executar de xeito subsidiario a súa recollida.	Si, parcialmente	Contéplase a importancia do monte para o uso social e recreativo, pero non se acepta a proposta relacionada con "No caso de que a actividade se realizase sen os oportunos permisos o propietario/a do monte terá esa responsabilidade".
Capítulo III. Dos produtos madeirables				
Sección 1ª. Dos aproveitamentos en montes públicos patrimoniais				
Artigo 89. Alleamentos dos aproveitamentos en montes públicos patrimoniais				
Artigo 90. Alleamentos nos montes de xestión pública				



Artigo 91. Destino dos rendementos dos alleamentos de madeira en corta final	Jesús de la Fuente Villar	Nos montes aos que se refire a presente sección, os alleamentos de madeira en corta final poderán financiar a reforestación da superficie de corta. A este fin, poderase realizar dentro do mesmo procedemento administrativo, o alleamento da madeira, o acondicionamento do terreo e a reforestación só no caso de que se estime necesaria a repoboación artificial porque non sexa posible a rexeneración natural ou se plantee un cambio de especie de acordo co instrumento de xestión aprobado pola administración.	Si	
Artigo 91. Destino dos rendementos dos alleamentos de madeira en corta final	MMVMC Ponte Caldelas	Nos montes aos que se refire a presente sección, os alleamentos de madeira en corta final poderán financiar a reforestación da superficie de corta. A este fin, poderase realizar dentro do mesmo procedemento administrativo, o alleamento da madeira, o acondicionamento do terreo e a reforestación só no caso de que se estime necesaria a repoboación artificial porque non sexa posible a rexeneración natural ou se plantee un cambio de especie de acordo co instrumento de xestión aprobado pola administración.	Si	
Artigo 91. Destino dos rendementos dos alleamentos de madeira en corta final	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Habería que especificar que só debería facer no caso de que se estime necesaria a repoboación artificial porque non sexa posible a rexeneración natural ou se formule un cambio de especie de acordo co instrumento de xestión aprobado pola Administración.	Si	
Sección 2ª. Dos aproveitamentos en montes de xestión privada				



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 92. Dos aproveitamentos madeirables	Verdegaia/Plataforma para a defensa de la Cordillera Cantábrica	Eliminación do apartado 92.2 e a súa modificación polo seguinte: 2. No caso de que os aproveitamentos madeirables ou leñosos sexan para uso doméstico (que non superen os 10 m ³ /ano) e das especies recollidas dentro do Anexo I, o/a interesado/a en realizar o aproveitamento deberá realizar unha comunicación de corta indicando lugar e volume de madeira que se pretende cortar a Administración Forestal. Deste xeito controlaríase mellor que cada usuario/a non pase deses 10 m ³ /ano en especies do Anexo I. Para especies do Anexo II, só sería necesario realizar unha comunicación. Eses aproveitamentos non deberían realizarse nos 500 m periféricos a calquera curso fluvial agás casos excepcionais debidamente xustificadas e co permiso escrito da autoridade competente. Os clareos, as cortas de mellora ou de policía e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, deben requirir unha comunicación á Administración competente. Deberíanse establecer obrigatorios por lei algúns dos requisitos necesarios para obter a certificación forestal, entre eles a época de realización de cortas, un número mínimo de árbores sen cortar e a non recollida de mortas tumbadas e en pé.	Non	O control de ditas comunicacións podería facerse pola informatización destes expedientes que deberán conter as especies obxecto de aproveitamento, puidendo coñecer que volume pertence a aqueles dispostas no Anexo I. Impedir os aproveitamentos nos 500 m periféricos a calquera curso fluvial suporía unha prohibición que afectaría á maior parte da superficie forestal. Os requirimentos dos aproveitamentos deberán incorporarse nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal, ou cando menos nos referentes de boas prácticas (ver artigos 77 e seguintes).
Artigo 92. Dos aproveitamentos madeirables	Xosé Santos Otero	Eliminación do apartado 92.2 e a súa modificación polo seguinte: 2. No caso de que os aproveitamentos madeirables ou leñosos sexan para uso doméstico (que non superen os 10 m ³ /ano) e das especies recollidas dentro do Anexo I, o/a interesado/a en realizar o aproveitamento deberá realizar unha comunicación de corta indicando lugar e volume de madeira que se pretende cortar a Administración Forestal. Deste xeito controlaríase mellor que cada usuario/a non pase deses 10 m ³ /ano en especies do Anexo I. Eses aproveitamentos deben de contar coa autorización dos Servizos Forestais cando se realicen nos 500 metros periféricos a calquera curso fluvial. Os clareos, as cortas de mellora ou de policía e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, deben ser comunicados aos Servizos Forestais da Xunta de Galicia.	Non	O control de ditas comunicacións podería facerse pola informatización destes expedientes que deberán conter as especies obxecto de aproveitamento, puidendo coñecer que volume pertence a aqueles dispostas no Anexo I. Ditos aproveitamentos requirirán de informe na zona policía (100 metros a cada lado do DPH) - ver artigo 94.



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Artigo 92. Dos aproveitamentos madeirables	Sociedade Galega de Historia Natural	<p>Eliminación do apartado 92.2 e a súa modificación polo seguinte:</p> <p>2. No caso de que os aproveitamentos madeirables ou leñosos sexan para uso doméstico (que non superen os 10 m³/ano) e das especies recollidas dentro do Anexo I, o/a interesado/a en realizar o aproveitamento deberá realizar unha comunicación de corta indicando lugar e volume de madeira que se pretende cortar a Administración Forestal.</p> <p>A Lei debera contemplar que a autorización fora para todos os aproveitamentos, incluídos os de uso doméstico.</p> <p>3. Os donos de fincas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no Anexo I da presente Lei, que non formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, poderán executar cortas a feito, claras ou entresacas, presentando a pertinente solicitude ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, cunha antelación mínima de quince días ao comezo do aproveitamento. Transcorrido o prazo sen contestación, entenderase concedida a autorización solicitada. Cando as cortas a fiato supoñan risco de avenidas ou erosión, deberá esixirse a realización obrigatoria dun plan de repoboación.</p> <p>5. Nos montes ordenados, cando a corta se faga de acordo co instrumento de ordenación ou xestión aprobado, non se precisará autorización, bastando a comunicación á Administración forestal con quince días de antelación para a súa comprobación.</p> <p>7. Para contemplar a necesaria incidencia ambiental debe engadirse: pola súa incidencia ambiental, requirirán comunicación das administracións forestal e ambiental competentes</p> <p>11. Para contemplar a necesaria incidencia ambiental debe engadirse: pola súa incidencia ambiental, requirirán comunicación das administracións forestal e ambiental competentes.</p>	Non	Enténdese necesario manter a redacción do presente artigo.
Artigo 92. Dos aproveitamentos madeirables	Jesús de la Fuente Villar	<p>3. Para a autorización de talas para especies distintas das frondosas autóctonas, dicir que o prazo de 15 días é insuficiente para que a administración poida tutelar as cortas, polo que se se quere evitar un descontrol nas talas, ou ben se amplía o prazo a 45 días, ou se limita a superficie das talas que se poidan realizar tan só con notificación (aínda que se fala de autorización, en realidade é unha notificación). Se se opta por este segundo camiño, propónse un máximo de superficie de tala de 1 ha, sempre para especies de frondosas autóctonas.</p> <p>4. Propónse o silencio negativo, seguindo o principio de cautela que entendo se debe promover no caso destas especies de interese.</p> <p>7. Sería máis correcto falar só dos tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, xa que clareos, cortas de mellora e de policía poden supor ingresos e deberían ser obxecto de tutela.</p> <p>10. Sería prudente engadir: Regularase este procedemento especial e se levantará acta despois de balizada a zona a expropiar.</p>	Si, parcialmente	Inclúese definicións no artigo 8 (corta de policía e rareo). Modifíase dito apartado.
Artigo 92. Dos aproveitamentos madeirables	MMVMC Ponte Caldelas	<p>4. Propónse o silencio negativo, seguindo o principio de cautela que entendo se debe promover no caso destas especies de interese.</p> <p>7. Sería máis correcto falar só dos tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, xa que clareos, cortas de mellora e de policía poden supor ingresos e deberían ser obxecto de tutela.</p> <p>Sería prudente engadir: regularase este procedemento especial e se levantará acta despois de balizada a zona de expropiar.</p>	Si, parcialmente	Inclúese definicións no artigo 8 (corta de policía e rareo). Modifíase dito apartado.



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

Disposición adicional cuarta. Rexeneración de masas arbóreas preexistentes	Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica	Independientemente da denominación que se lle pretenda dar a esta actividade, consideramos oportuno e imprescindible a súa avaliación ambiental polo perigo que pode ter na alteración do solo e, deberíase especialmente nestes casos atender ás conclusións das diferentes investigacións sobre restauración de zonas queimadas.	Non	Preténdese definir con claridade a consideración de novas plantacións aos efectos da interpretación da lexislación ambiental para a súa aplicación.
Disposicións transitorias				
Disposición transitoria primeira. Terreos suxeitos a algún réxime de servidume ou afección de dereito público				
Disposición transitoria segunda. Servidumes en montes demaniais				



Disposición transitoria terceira. Ordenanzas e disposicións municipais				
Disposición transitoria cuarta. Adaptación dos Plans Xerais de Ordenación Municipal				
Disposición transitoria quinta. Cortas en solos urbanizables				
Disposición transitoria sexta. Aproveitamentos forestais en tanto non se aprobe o instrumento de ordenación ou de xestión forestal obrigatorio	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	<p>1. Os montes veciñais en man común deberán dispor dun proxecto de ordenación forestal obrigatorio e vixente, como máximo, no prazo de seis anos dende a publicación das Instrucións de ordenación de Galicia. Nos casos dos montes consorciados e conveniados, este plan de ordenación ten que levarlo adiante a Administración competente en materia de montes, e ademais, sacaranse axudas específicas para que os montes veciñais en man común se doten de esta ferramenta de xestión. En todo caso, o cumprimento desta obriga non poderá superar o prazo sinalado na lei básica. Pasado este prazo sen aprobación, non se autorizarán aproveitamentos madeiros nos devanditos montes.</p> <p>Non todas as comunidades de montes dispoñen de capacidade económica para dotarse deses planos de ordenación e ademais, un monte ordenado produce melloras para toda a sociedade.</p>	Si, parcialmente	Modifícase o artigo 119 Medidas de fomento: "promover o desenvolvemento sostible dos montes galegos baseándose no cumprimento dos obxectivos dos instrumentos de planificación, ordenación e xestión forestal"..."mellora da xestión, da ordenación". Asemade o 121 dando prioridade nas axudas públicas a "g) Os montes que dispoñan dun proxecto de ordenación ou instrumento de xestión forestal aprobado. h) Os montes con certificación de xestión forestal sostible."



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

Disposición transitoria sexta. Aproveitamentos forestais en tanto non se aprobe o instrumento de ordenación ou de xestión forestal obrigatorio	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	1. Os montes veciñais en man común deberán dispor dun proxecto de ordenación forestal obrigatorio e vixente, como máximo, no prazo de seis anos dende a publicación das Instrucións de ordenación de Galicia. Nos casos dos montes consorciados e conveniados, este plan de ordenación ten que levalo adiante a Administración competente en materia de montes, e ademais, sacaranse axudas específicas para que os montes veciñais en man común se doten de esta ferramenta de xestión. En todo caso, o cumprimento desta obriga non poderá superar o prazo sinalado na lei básica. Pasado este prazo sen aprobación, non se autorizarán aproveitamentos madeiros nos devanditos montes. Non todas as comunidades de montes dispoñen de capacidade económica para dotarse deses planos de ordenación e ademais, un monte ordenado produce melloras para toda a sociedade.	Si, parcialmente	Modifícase o artigo 119 Medidas de fomento: "promover o desenvolvemento sostible dos montes galegos baseándose no cumprimento dos obxectivos dos instrumentos de planificación, ordenación e xestión forestal"... "mellora da xestión, da ordenación". Asemade o 121 dando prioridade nas axudas públicas a "g) Os montes que dispoñan dun proxecto de ordenación ou instrumento de xestión forestal aprobado. h) Os montes con certificación de xestión forestal sostible."
Disposición transitoria sexta. Aproveitamentos forestais en tanto non se aprobe o instrumento de ordenación ou de xestión forestal obrigatorio	AEFEMA	Na disposición transitoria sexta do borrador no seu apartado 2, e en consonancia co criterio seguido anteriormente debe substituírse o texto "por profesionais titulados de grao universitario en materia forestal" por "técnico competente" de acordo coa definición exposta na alegación CUARTA, isto son titulados en Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal ou titulado universitario de grao ou posgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións. 2. En tanto os montes veciñais en man común non se doten do proxecto de ordenación forestal obrigatorio que preceptúa a normativa vixente, as solicitudes de autorización de corta deberán incluír un plan de cortas, asinado por profesionais titulados de grao universitario en materia forestal técnico competente, onde se xustificará a necesidade ou oportunidade do aproveitamento, así como a súa localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés, o volume por especie afectada e a taxación correspondente. Este plan deberá ser aprobado pola asemblea xeral da comunidade de montes.	Si	
Disposición transitoria sétima. Regulamento do Fondo de Mellora				



Disposición transitoria oitava. Réxime transitorio das solicitudes de axudas, subvencións e beneficios fiscais	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	Os titulares dos montes que teñan a obriga de dotarse dun instrumento de ordenación forestal, non poderán percibir as axudas, subvencións ou beneficios fiscais regulados pola normativa vixente en materia forestal se, chegada a data máxima na que se deben dotar de tales instrumentos, incumpriran a súa obriga ao respecto. Os consorcios e os convenios, coa entrada en vigor de esta lei, fican condonados.	Non	Trasponse a disposición transitoria 3ª da Lei 43/2003
Disposición transitoria oitava. Réxime transitorio das solicitudes de axudas, subvencións e beneficios fiscais	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	Os titulares dos montes que teñan a obriga de dotarse dun instrumento de ordenación forestal, non poderán percibir as axudas, subvencións ou beneficios fiscais regulados pola normativa vixente en materia forestal se, chegada a data máxima na que se deben dotar de tales instrumentos, incumpriran a súa obriga ao respecto. Os consorcios e os convenios, coa entrada en vigor de esta lei, fican condonados.MMVMC Ponte Caldelas:En principio este prazo está establecido pola Lei 43/2003, e salvo cambios de titularidade, sería do 22 de febreiro de 2014.	Si, parcialmente	Trasponse a disposición transitoria 3ª da Lei 43/2003.En principio así é.
Disposición transitoria oitava. Réxime transitorio das solicitudes de axudas, subvencións e beneficios fiscais	Jesús de la Fuente Villar	En principio este prazo está establecido pola Lei 43/2003, e salvo cambios de titularidade, sería do 22 de febreiro de 2014.	Si	En principio así é.



NOVA PROPOSTA	Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios	<p>Disposición transitoria décima. Proposta de acrecemento (nova)</p> <p>A consellería competente de materia de montes, de oficio ou a instancia da respectiva comunidade de montes, revisará as servidumes e outros gravames que afecten aos montes veciñais en man común, particularmente as derivadas de instalacións eléctricas. A tal fin, abrirá un expediente para determinar en cada caso a existencia ou non dun título válido en dereito que ampare a referida servidume, non sendo tal a precepción adquisitiva. No suposto de inexistencia de título, procederase, nun prazo máximo de tres meses, a iniciar os trámites de un expediente de ocupación ou de expropiación de acordo co disposto na lexislación específica dos montes veciñais.</p> <p>Regularizar unha situación que está moi extendida no noso territorio, estando ademais dita regularización dentro das competencias que son propias da comunidade autónoma.</p> <p>CMVMC Vincios:</p> <p>Á aprobación da presente lei continuará en vigor a lei galega 13/89 de 10 de outubro de montes veciñais en man común, que seguirá sendo de aplicación ás comunidades de montes veciñais en man común de Galicia por encima da presente lei, que quedará de aplicación supletoria á anterior.</p> <p>O borrador da lei establece un réxime xurídico que aplica a diferentes clases de montes, entre eles, aos montes veciñais en man común pero logo, noutro artigo, establece que as comunidades de montes veciñais en man común se seguirán rexindo polas súas propias normas. Como é ambiguo e contradictorio, establécese esta disposición transitoria para concretar e delimitar a normativa aplicable ás comunidades de montes.</p>	Non	Os actos de disposición e demais réxime xurídico de MVMC necesita, pola súa importancia, dun desenvolvemento propio na liña establecida pola Lei 13/1989.
NOVA PROPOSTA	MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas	<p>Disposición transitoria décima. Proposta de acrecemento (nova)</p> <p>A consellería competente de materia de montes, de oficio ou a instancia da respectiva comunidade de montes, revisará as servidumes e outros gravames que afecten aos montes veciñais en man común, particularmente as derivadas de instalacións eléctricas. A tal fin, abrirá un expediente para determinar en cada caso a existencia ou non dun título válido en dereito que ampare a referida servidume, non sendo tal a precepción adquisitiva. No suposto de inexistencia de título, procederase, nun prazo máximo de tres meses, a iniciar os trámites de un expediente de ocupación ou de expropiación de acordo co disposto na lexislación específica dos montes veciñais.</p> <p>Regularizar unha situación que está moi extendida no noso territorio, estando ademais dita regularización dentro das competencias que son propias da comunidade autónoma.</p>	Non	Os actos de disposición e demais réxime xurídico de MVMC necesita, pola súa importancia, dun desenvolvemento propio na liña establecida pola Lei 13/1989.



Disposición transitoria décima. Procedementos en tramitación e adecuación ás distancias previstas para repoboacións				
Disposición transitoria décimo primeira. Inscripción no Catálogo de Montes de Utilidade Pública				
Disposición transitoria décimo segunda. Concentracións parcelarias en tramitación				



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Disposición transitoria décimo terceira. Revisión de esbozos de montes veciñais en man común</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p><i>CMVMC e MMVMC Val Miñor:</i> Disposición transitoria undécima (nova) 1. Os montes veciñais en man común integrados nun expediente que, que pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que esixen as técnicas topográficas novas, ou en aquelas nas que se tivera incorrido nun erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, poderán ser revisados mediante os procedementos previstos nos artigos 102 a 106 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En todos os casos, completárase o expediente con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios e, previos aos trámites procedimentais que correspondan, dictarase a correspondente resolución por el Xurado Provincial de Montes Veciñais en man común. 2. Unha vez feita a revisión, procederase ao sinalamento dos montes veciñais, que en todo caso debe axustarse ao plano que resulte de dicha revisión. O sinalamento poderá realizarse de oficio pola propia Administración ou con base a unha proposta formulada polas propias comunidades e sempre realizado de forma gratuita por parte da Administración con competencias en montes, e deberá de ser aprobada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais e publicado no DOG e na web da Consellería con competencias en materia de montes. Con posterioridade ao sinalamento se abrirá un prazo de alegacións de dous meses no que se excluirán os predios amparados por inscrición registral. 3. Se no procedemento de sinalamento se suscitaran cuestións relativas á propiedade, anularase todo o procedemento e a cuestión será resolta pola xurisdicción civil. 4. Unha vez feita a revisión e o sinalamento, a consellería competente en materia de montes expedirá unha certificación que contera os requisitos necesarios esixidos na lei hipotecaria para poder inscribir a titularidade dos montes veciñais en man común no Rexistro da Propiedade. É emendar unha inxustiza.</p>	<p>Si</p>	<p>Engádesse dita disposición.</p>
<p>Disposición derogatoria única. Derrogación normativa</p>	<p>Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios</p>	<p>a) a disposición adicional segunda da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. Fruga: A Administración fixo mal os deslindes dos montes veciñais en man común, e durante este tempo, a pesar de ser unha das obrigas, non foi quen de solucionar os problemas causados, e agora con esta proposta legislativa pretende pola vía rápida suprimir esta obriga, cousa coa que estamos en total desacordo. Esta é a razón pola que solicitamos a eliminación deste apartado e o b).MMVMC-CMVMC: A Administración fixo mal a clasificación dos montes veciñais en man común e durante este tempo, a pesar de ser unha das obrigas, non foi quen de arranxalo cos deslindes. Agora opta pola vía rápida e elimina esta obriga. Non é de recibo.b) Os artigos 1.d), 12, Capítulo IV do Título III (artigos 25, 26, 27 e 28), artigo 41 e puntos 5) e 6) do artigo 50.2, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios de Galicia.Fruga: A Administración fixo mal os deslindes dos montes veciñais en man común, e durante este tempo, a pesar de ser unha das obrigas, non foi quen de solucionar os problemas causados, e agora con esta proposta legislativa pretende pola vía rápida suprimir esta obriga, cousa coa que estamos en total desacordo. Esta é a razón pola que solicitamos a eliminación deste apartado e o anterior a).MMVMC: Porque tamén pedimos eliminar a Disposición derradeira primeira.</p>	<p>Non</p>	<p>Enténdense necesarias.</p>



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

<p>Disposición derogatoria única. Derrogación normativa</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>a) a disposición adicional segunda da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. MMVMC-CMVMC: A Administración fixo mal a clasificación dos montes veciñais en man común e durante este tempo, a pesar de ser unha das obrigas, non foi quen de arranxalo cos deslindes. Agora opta pola vía rápida e elimina esta obriga. Non é de recibo. b) Os artigos 1.d), 12, Capítulo IV do Título III (artigos 25, 26, 27 e 28), artigo 41 e puntos 5) e 6) do artigo 50.2, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios de Galicia. MMVMC: Porque tamén pedimos eliminar a Disposición derradeira primeira.</p>	<p>Non</p>	<p>Enténdense necesarias.</p>
<p>Disposicións derradeiras</p>				
<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Confederación Intersindical Galega (CIG)</p>	<p>Non admitimos a modificación substancial da Lei de incendios mediante a Lei de montes. Precisaríase un debate independente e participativo. A nivel xeral consideramos que é pronto para facer unha avaliación da Lei de 2007 e que non cambiaron de xeito importante as condicións da biomasa forestal, o asentamento da poboación, as condicións bioclimáticas... o que xustificaría os cambios. Por iso pedimos a anulación das disposicións que cuestionan ou modifican a Lei de incendios de Galicia.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acaída unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Sociedade Galega de Historia Natural</p>	<p>1. Adica 17 páxinas a modificar a redacción de numerosos artigos da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais e a derrogar outros. Introduce confusión e dificulta a lectura e interpretación das dúas leis. Semellaría moito máis lóxico, claro e eficaz derrogar totalmente a Lei de incendios e incorporala coa nova redacción como un Título específico na Lei de montes pois:~ Dos 59 artigos da Lei de incendios modifica 31, derroga total ou parcialmente 8 e engade 5 novos.~ Das 3 disposición adicionais da Lei de incendios modifica 2 e engade 1 nova.2. Considérase improcedente a fusión dos artigos 11 e 12 da Lei de incendios que elimina a zonificación de áreas de alto, medio e baixo risco de incendios. Aplicable tamén a outros puntos posteriores nos que só falta de alto risco.3. Considérase acertada a anulación do artigo 1.d da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais.4. Respecto á “Execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa antes do 30 de xuño de cada ano”, enténdese que esta é unha data moi tardía que interfere clara e directamente coa tempada de reprodución e crianza de moitas especies aniamis e podería dar lugar a violacións da “Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade”. O período debería ser novembro-marzo no caso das redes primarias e terciarias, mentres que no caso das redes secundarias podería ampliarse ata finais de xuño.5. Considérase que coa redución das distancias “a limpar” na contorna dos pobos, urbanizacións e infraestruturas establécense perímetros de protección máis realistas e menos prexudiciais dende un punto de vista ambiental que os vixentes ata agora coa Lei de prevención e defensa contra incendios forestais.6. No mesmo senso, a nova redacción que só se refire á eliminación de determinadas especies arbóreas maioritariamente alóctonas e permite a conservación das especies de mato tamén é máis beneficiosa dende un punto de vista ambiental.7. No apartado a) do Título I, capítulo I, artigo 1, sinálase: “actuar nos montes e áreas confinantes mediante os tratamentos axeitados da biomasa forestal”. Deberíase concretar polo miúdo a que se refire a norma co calificativo de “tratamentos axeitados”. Nestes anos estamos asistindo á proliferación de tratamentos radicais e potencialmente perigosos para os seres vivos, incluídas as persoas, como o uso masivo de herbicidas (produtos catalogados como sustancias potencialmente perigosas para o medio ambiente) en marxes de estradas con riscos de contaminación das augas por lixiviados, eliminación total da cuberta vexetal incluíndo a parte radical con efectos sobre a erosión, efectos sobre a fauna, etc. Si ben se “xestiona” a biomasa é dubidoso que se alcance o obxectivo final que sinala a lei ao permanecer nestas zonas os restos vexetais totalmente secos, polo que un lume pode avanzar a grande velocidade debido ás súas características. Polo tanto, a nova lei debe de especificar claramente cales son, por definición, os tratamentos axeitados da biomasa forestal.8. Outro tema de especial relevancia é a utilización de “queimas controladas” para combater o lume, especialmente cando se sinala do punto 1 do artigo 35: “No caso en que sexa preciso, por razóns de idoneidade técnica, realizar o control da biomasa forestal por medio de queimas controladas...”. Como mínimo nalgún punto da lei teñen que constar detallados os criterios precisos polos cales se valore a idoneidade técnica da queima, de tal xeito que a decisión sexa o máis obxectiva posible sen da lugar a posibles interpretacións ou diferencias de criterios entre técnicos, xestores ou responsables ambientais. Ademais este modelo de xestión é o que se está difundindo cara á poboación coas repercusións que isto poda suñar no uso do lume. Polo tanto, a nova lei debe especificar claramente cales son, por definición, os criterios de idoneidade técnica das queimas controladas.23.As queimas controladas só se autorizarán en caso de interese público de primeiro orde cando non exista outra alternativa e estarán totalmente prohibidas no interior dos espazos naturais protexidos.29.O texto é ambiguo, deberían ser alomenos dous anos naturais completos e debería contar co visto bo da Administración competente en conservación da natureza.30.Non debería de haber excepcións e debería contar co visto bo da Administración competente en conservación da natureza.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acaída unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>
---	---	--	------------	---



<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Xosé Santos Otero</p>	<p>Eliminar esta Disposición derradeira primeira. As modificacións prantexadas nesta disposición derradeira primeira da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, son de tal envergadura e atentan contra os principios da devandita lei, que só por iso, hai que pedir a súa eliminación do borrador da lei de montes de Galicia. Así, elimina da xestión da biomasa forestal os mosaicos de parcelas e xa que logo, non rompe a continuidade do combustible do monte, reduce a distancias de seguridade a outras propiedades, as franxas de seguridade cas edificacións sen ningún criterio técnico e anula o impedir que as reforestacións de masas monoespecíficas superen as 50 has continuadas. Esta anulación non ten criterios de loita contra o lume. Só ten o criterio de que as Sofor poidan repoboar os montes veciñais de inmensas plantacións en réxime de monocultivo (ben especies de crecemento rápido ou ben cultivos enerxéticos). Ademais, unha Lei de montes, ten que ter continuidade no tempo, encol que unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais precisa modificacións no curto prazo para adaptarse aos condicionantes que se producen.</p> <p>Xa que logo, se a Consellería do Medio Rural quere cambiar a Lei de prevención e defensa contra incendios forestais actualmente vixente, o seu é que faga un borrador da mesma e a someta a información pública para respetar a obligatoria e imprescindible participación pública. O que non debe facer e non se debe permitir é que, de forma encuberta, derroque a Lei de prevención e defensa contra incendios forestais e deixe vacía de contido, mediante unha disposición derradeira no borrador da Lei de montes de Galicia.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acaída unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>
<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Jesús Manuel Núñez Campelo</p>	<p>Eliminar esta Disposición derradeira primeira. As modificacións prantexadas nesta disposición derradeira primeira da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, son de tal envergadura e atentan contra os principios da devandita lei, que só por iso, hai que pedir a súa eliminación do borrador da lei de montes de Galicia. Así, elimina da xestión da biomasa forestal os mosaicos de parcelas e xa que logo, non rompe a continuidade do combustible do monte, reduce a distancias de seguridade a outras propiedades, as franxas de seguridade cas edificacións sen ningún criterio técnico e anula o impedir que as reforestacións de masas monoespecíficas superen as 50 has continuadas. Esta anulación non ten criterios de loita contra o lume. Só ten o criterio de que as Sofor poidan repoboar os montes veciñais de inmensas plantacións en réxime de monocultivo (ben especies de crecemento rápido ou ben cultivos enerxéticos). Ademais, unha Lei de montes, ten que ter continuidade no tempo, encol que unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais precisa modificacións no curto prazo para adaptarse aos condicionantes que se producen. Xa que logo, se a Consellería do Medio Rural quere cambiar a Lei de prevención e defensa contra incendios forestais actualmente vixente, o seu é que faga un borrador da mesma e a someta a información pública para respetar a obligatoria e imprescindible participación pública. O que non debe facer e non se debe permitir é que, de forma encuberta, derroque a Lei de prevención e defensa contra incendios forestais e deixe vacía de contido, mediante unha disposición derradeira no borrador da Lei de montes de Galicia.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acaída unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Verdegaia/Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica</p>	<p>Deberíase establecer unha optativa máis económica e máis sostible que o desbroce sistemático de extensas zonas e a cración de devasas e pistas contra o lume que tanto impacto visual teñen, como a regulación e acoutamento do pastoreo ao longo de áreas devasas, baixo liñas de alta tensión e cableado eléctrico (considerando a creación de pastizais nestes lugares especialmente cando estean situados entre parcelas arboradas para favorecer o mosaico), o fomento das faixas de frondosas autóctonas, etc. Consideramos que as distancias de plantación mínimas dende edificacións e infraestruturas diversas ás plantaicións de especies alóctonas forestais deben manterse tal como veñen redactadas na actual lei de prevención e defensa contra os incendios forestais xa que, durante os incendios forestais, a presenza de eucaliptos e piñeiros próximas aos núcleos de poboación xeran momentos de pánico, perigo e un desvío de medios importante para a súa protección. De manter as distancias, tanto estas situacións como a orixe de moitos deses lumes, poderían desaparecer en moitos casos.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acaída unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>
<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Fruga, MMVMC Pontevedra + MMVMC Redondela + CMVMC Parroquia de Mourente + CMVMC Robereda + CMVMC Saxamonde + CMVMC Vincios</p>	<p>Eliminar esta Disposición derradeira primeira polos seguinte motivos: as modificacións que prantexa esta disposición derradeira primeira da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, son de tal envergadura e atentan contra os principios elementais da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que pretenden modificar. Só por iso, vémonos na obriga de ter que pedir a súa eliminación do anteproxecto da lei de montes de Galicia. Así, elimina da xestión da biomasa forestal os mosaicos de parcelas e xa que logo, non rompe a continuidade do combustible do monte. Ao eliminar a prohibición de estalecer masas monoespecíficas de máis de 50 hectáreas propicia o avance do lume. Esta anulación feita sen ningún criterio lóxico desde o punto de vista de loita contra o lume, somente se pode entender se con ela o que se pretende é favorecer os intereses das grandes industrias da madeira que cobizan facerse cos montes veciñais en man común, para o que xa foron dotadas dun instrumento, por parte desta consellería, como son as Sofor, co fin de facer grandes plantación, ben de especies de crecemento rápido, ou ben de cultivos enerxéticos. Con esta disposición derradeira tamén se está a reducir as distancias de seguridade a outras propiedades, as franxas de seguridade coas edificacións sen ningún criterio técnico, o que está a pór de manifesto unha grande irresponsabilidade por parte do goberno da Xunta de Galicia. Ademais, unha lei de montes, ten que ter continuidade no tempo, mentres que unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais pode que sexa preciso modificala no curto tempo. Xa que logo, se a Consellería do Medio Rural, quere cambiar a lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, actualmente vixente, o que debería facer é elaborar unha nova proposta ao respecto co fin de sometela a información pública. O que non debe facer é, de forma encuberta, derrogar a lei de prvención e defensa contra os incendios forestais, mediante unha disposición derogatoria na Lei de montes de Galicia.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acaída unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>



Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)

<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>MMVMC Val Miñor + CMVMC Bahiña + CMVMC Borreiros + CMVMC Couso + CMVMC Estás + CMVMC Parroquia de Chaín + CMVMC Península do Morrazo + CMVMC Santa Cristina da Ramallosa + CMVMC San Tomé de Piñeiro + CMVMC Castro-Lampán + CMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>Eliminar esta Disposición derradeira primeira polos seguintes motivos: as modificacións que prantexa esta disposición derradeira primeira da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, son de tal envergadura e atentan contra os principios elementais da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que pretenden modificar. Só por iso, vémonos na obriga de ter que pedir a súa eliminación do anteproxecto da lei de montes de Galicia. Así, elimina da xestión da biomasa forestal os mosaicos de parcelas e xa que logo, non rompe a continuidade do combustible do monte. Ao eliminar a prohibición de establecer masas monoespecíficas de máis de 50 hectáreas propicia o avance do lume. Esta anulación feita sen ningún criterio lóxico desde o punto de vista de loita contra o lume, somente se pode entender se con ela o que se pretende é favorecer os intereses das grandes industrias da madeira que cobizan facerse cos montes veciñais en man común, para o que xa foron dotadas dun instrumento, por parte desta consellería, como son as Sofor, co fin de facer grandes plantación, ben de especies de crecemento rápido, ou ben de cultivos enerxéticos. Con esta disposición derradeira tamén se está a reducir as distancias de seguridade a outras propiedades, as franxas de seguridade coas edificacións sen ningún criterio técnico, o que está a pór de manifesto unha grande irresponsabilidade por parte do goberno da Xunta de Galicia. Ademais, unha lei de montes, ten que ter continuidade no tempo, mentres que unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais pode que sexa preciso modificala no curto tempo. Xa que logo, se a Consellería do Medio Rural, quere cambiar a lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, actualmente vixente, o que debería facer é elaborar unha nova proposta ao respecto co fin de sometela a información pública. O que non debe facer é, de forma encuberta, derrogar a lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, mediante unha disposición derogatoria na Lei de montes de Galicia.</p>	<p>Non</p>	<p>Crese acáda unha revisión da actual Lei co fin de abordar modificacións necesarias.</p>
<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>AEFEMA</p>	<p>Na disposición derradeira primeira do borrador no seu apartado cinco referente á modificación do parágrafo 6 do artigo 13 da Lei 3/2007 e en consonancia co criterio seguido anteriormente debe substituírse o texto "por profesionais con titulación universitaria de grao con atribucións en materia forestal" por "técnico competente" de acordo coa definición exposta na alegación CUARTA, isto son titulados en Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal ou titulado universitario en grao ou posgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións. "6. Os plans previstos neste artigo deberán ser redactados por profesionais con titulación universitaria de grao con atribucións en materia forestal técnico competente". Na disposición derradeira primeira do borrador no seu apartado doce referente á modificación do artigo 20 bis da Lei 3/2007 na letra c) establécese "unha franxa de 5 metros dende a estremeira da infraestrutura". Debe considerarse que en termos xurídicos estremeira equivale a lándante ou aledaña polo que haberá que redefinir o punto da infraestrutura dende o que se deben medir os 5 metros da faixa. Do mesmo modo debe concretarse no apartado d) que versa sobre as liñas de transporte de gas, dende onde se comezará a medir a faixa dun metro e medio</p>	<p>Si</p>	



**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto
de Lei de montes de Galicia (exposición pública)**

<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>Jesús de la Fuente Villar</p>	<p>No referente ás redes de faixas de xestión de biomasa, sería de interese engadir que dende a administración se fomentarán usos que procuren o aproveitamento da matogueira ou/e o mantemento da mesma de xeito que non transmita con facilidade o lume, evitando así o custo de desbrozar periodicamente estas áreas o queu é insostible dende o punto de vista económico. 18.Non é interesante a desregulación do tamaño das teselas, en especial ás que se correspondan con monocultivos forestais con especies como eucaliptos ou piñeiros. Entendendo que se debe manter un tamaño máximo das mesmas, para obrigar a separalas con liñas de seguridade: áreas cortalumes, fondos de valgada, pistas primarias con faixas de frondosas nas súas marxes, ... En zonas de especial risco de lume, esta cantidade, a fixar no plan de prevención do distrito, podería oscilar entre 5 e 15 ha, e no caso de estar fóra destas zonas, entre 10 e 30 ha. 19.Non é dabondo unha distancia de 1m entorno aos amoreamentos dos subprodutos forestais; entendo que debería amorearse fóra do monte, ou/e en terreos sen vexetación. 29.Apartado 2 do artigo 43. As excepcións previstas neste artigo deberían ter en conta o estado da recuperación do solo, para evitar que a entrada do gando prematura poida provocar efectos erosivos e impedir a recuperación do mesmo. 32.En relación ao artigo 48.1. Seica houbo un esquecemento, pois non se menciona a gardería forestal. 39.En relación ao artigo 59.2. Debería preverse tamén unha asignación orzamentaria para a recuperación de emerxencia de solos queimados, para a realización de traballos de control da erosión inmediatamente despois da ocorrencia dos incendios.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Os artigos 64 e 65 establecen medidas dirixidas a restauración hidrolóxica-forestal, incluso despois de incendio</p>
<p>Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia</p>	<p>MMVMC Ponte Caldelas</p>	<p>No referente ás redes de faixas de xestión de biomasa, sería de interese engadir que dende a administración se fomentarán usos que procuren o aproveitamento da matogueira ou/e o mantemento da mesma de xeito que non transmita con facilidade o lume, evitando así o custo de desbrozar periodicamente estas áreas o queu é insostible dende o punto de vista económico. 18.Non é interesante a desregulación do tamaño das teselas, en especial ás que se correspondan con monocultivos forestais con especies como eucaliptos ou piñeiros. Entendendo que se debe manter un tamaño máximo das mesmas, para obrigar a separalas con liñas de seguridade: áreas cortalumes, fondos de valgada, pistas primarias con faixas de frondosas nas súas marxes, ... En zonas de especial risco de lume, esta cantidade, a fixar no plan de prevención do distrito, podería oscilar entre 5 e 15 ha, e no caso de estar fóra destas zonas, entre 10 e 30 ha. 19.Non é dabondo unha distancia de 1m entorno aos amoreamentos dos subprodutos forestais; entendo que debería amorearse fóra do monte, ou/e en terreos sen vexetación. 29.Apartado 2 do artigo 43. As excepcións previstas neste artigo deberían ter en conta o estado da recuperación do solo, para evitar que a entrada do gando prematura poida provocar efectos erosivos e impedir a recuperación do mesmo. 32.En relación ao artigo 48.1. Seica houbo un esquecemento, pois non se menciona a gardería forestal. 39.En relación ao artigo 59.2. Debería preverse tamén unha asignación orzamentaria para a recuperación de emerxencia de solos queimados, para a realización de traballos de control da erosión inmediatamente despois da ocorrencia dos incendios.</p>	<p>Si, parcialmente</p>	<p>Os artigos 64 e 65 establecen medidas dirixidas a restauración hidrolóxica-forestal, incluso despois de incendio</p>



Disposición derradeira segunda. Da modificación dos anexos				
Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa				
Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor				
ANEXO I	Grupo Naturalista Hábitat	Os autores de cada especie (por exemplo, en <i>Alnus glutinosa</i> sería (L.) Gaertn) van sen cursiva: <i>Alnus glutinosa</i> (L.) Gaertn. O autor de <i>Acer pseudoplatanus</i> é L.: <i>Acer pseudoplatanus</i> L. <i>Betula</i> non leva til (non leva til ningún nome científico). O nome galego de <i>Fraxinus angustifolia</i> Vhal é “freixa”. O nome científico da faia é <i>Fagus sylvatica</i> L. O nome galego de <i>Ulmus glabra</i> Huds. e <i>Ulmus minor</i> Mill. É “ulmeiro”. A aciñeira ou enciño que se atopa en Galicia é <i>Quercus ilex</i> L. ssp. <i>ballota</i> (Desf.) Samp. <i>Quercus rotundifolia</i> Lam. É omisible da lista.	Si	Modifícouse o Anexo I
ANEXO I	Jesús de la Fuente Villar	Para evitar esquecementos, propónse incluír toda a flora arbórea e arbustiva autóctona.	Non	Enténdese necesario circuncibir dito Anexo a especies arbóreas.
ANEXO I	MMVMC ponte caldelas	Para evitar esquecementos, propónse incluír toda a flora arbórea e arbustiva autóctona.	Non	Enténdese necesario circuncibir dito Anexo a especies arbóreas.
ANEXO II	Jesús de la Fuente Villar	Propónse cambiar a redacción por: f) Para especies non incluídas no anexo I: 5 m A continuación cumpriría facer a seguir aclaración: Será posible a existencia de especies arbóreas baixo a liña sempre e cando exista un acordo entre a empresa propietaria da liña e o titular do terreo, para mantemento das polas das árbores de xeito que se cumpra a normativa sobre electrotecnia. Deste xeito mantense a zona baixo a liña libre de matogueira. g) 5 metros cando se empreguen especies do anexo I, e 25 metros para outras especies.	Non	Considéranse suficientes as distancias dispostas



ANEXO II	MMVMC ponte caldelas	Proponse cambiar a redacción por: f) Para especies non incluídas no anexo I: 5 m A continuación cumpriría facer a seguir aclaración: Será posible a existencia de especies arbóreas baixo a liña sempre e cando exista un acordo entre a empresa propietaria da liña e o titular do terreo, para mantemento das polas das árbores de xeito que se cumpra a normativa sobre electrotecnia. Deste xeito mantense a zona baixo a liña libre de matogueira. g) 5 metros cando se empreguen especies do anexo I, e 25 metros para outras especies.	Non	Considéranse suficientes as distancias dispostas
ANEXO II	Sindicato Nacional de CCOO de Galicia	Non se fai ningunha referencia a distancias de plantación con respecto a fontes e mananciais, cando as plantacións sobre todo de frondosas alóctonas, como pode ser o caso do eucalipto, é unha das principais causas de seca e desvío deste tipo de recursos naturais. Pódese propor o establecemento dunha distancia de 5 metros de separación de fontes e mananciais para especies do Anexo I e de 50 metros para o resto das especies.	Non	Considéranse suficientes as distancias dispostas
ANEXO II	Asociación ecoloxista "Coto de Frade"	Con respecto ás distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais nos seus apartados b), h), e i) consideramos que os 10 metros sinalados son insuficientes e que en caso de incendio non protexería as vivendas, explotacións e solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, xa que en 10 metros en especies autóctonas e 30 nas restantes as lapas, en condicións favorables, acadarían velozmente ditas vivendas e explotacións.	Non	Considéranse suficientes as distancias dispostas nos apartados b), h) e i)